En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 558**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores, sobre **“as xestións levadas a cabo, así como as actuacións previstas polo Goberno galego antes do 20 de decembro de 2012, para garantir o mantemento da actividade empresarial e os postos de traballo nas factorías da empresa conserveira Alfageme na comarca do Salnés”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Durante os pasados catro anos, O Goberno galego traballou arreo e de xeito constante na procura de solucións para garantir a continuidade da empresa Alfageme e o mantemento do emprego na maior medida do posible.

Desde maio de 2009 ata a actualidade, a Xunta de Galicia impulsou numerosas iniciativas que tiñan un único obxectivo prioritario: a continuidade do proxecto industrial baixo a dirección dun novo grupo empresarial solvente e o mantemento do emprego asociado á empresa. Desafortunadamente, como é sabido, aínda non se puido dar cunha solución satisfactoria para cubrir eses retos.

Como unha das últimas iniciativas, e xa no marco do proceso concursal ao que se viu abocada a conserveira, o Goberno de Galicia abriu, a través do Igape, un proceso informativo destinado á recepción de ofertas de empresas do sector conserveiro como trámite previo a adquisición de determinados bens de Bernardo Alfageme S.A.

A este procedemento informativo concorreron tres grupos empresariais. Logo da exhaustiva análise realizada pola correspondente mesa técnica, o consello do Igape celebrado o pasado quince de novembro informou que ningunha das ofertas presentadas para facerse cargo da empresa conserveira Alfageme cumpría os requisitos mínimos esixidos, nin de mantemento


de emprego nin de compromiso económico, nos pregos publicados para localizar un grupo solvente que tomase as rendas da empresa.

No futuro inmediato, a Xunta de Galicia seguirá a facer, como ata hoxe, todo o que estea dentro das súas posibilidades para procurar a continuidade do emprego e da actividade da conserveira Alfageme.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo José Ordóñez Puime', is written over a circular stamp or seal that is mostly illegible due to the ink and the quality of the scan.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

8 FEB. 2013

3437



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 575**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores, sobre **“a incidencia no tecido comercial e nas competencias autonómicas de Galicia das modificacións que introducen os artigos 27 e 28 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, así como as xestións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para a súa anulación”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O comercio ten efectivamente unha importancia fundamental para o desenvolvemento das nosas vilas e cidades contribuíndo a mellorar a súa imaxe, favorecendo a seguridade das nosas rúas e potenciando o seu atractivo, a afluencia de visitantes e, en definitiva, o seu dinamismo. O seu papel, no marco da economía galega está fora de toda dúbida. Os comerciantes galegos melloran a economía cotiá das nosas vilas e cidades.

Por todo isto, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha estratexia de axuda á dinamización do comercio de Galicia articulado por primeira vez en torno a un Plan estratéxico, o Plan Agora, que estableceu medidas para incentivar o consumo e potenciar a actividade empresarial e comercial. O Plan Agora ven así desenvolvendo dende o ano 2009 diferentes liñas de actuación coa finalidade de impulsar o sector do pequeno comercio e mellorar a súa competitividade fronte a outros formatos comerciais cunha inversión que rolda os 92 millóns de euros dende o ano 2009.

A peculiar estruturación da xeografía da nosa Comunidade Autónoma nun entramado de comarcas inflúe no modelo comercial perfilado no noso territorio, caracterizado por unha presenza da pequena e mediana empresa comercial nas chamadas cabeceiras de comarca

que abastecen e dan servizo á poboación con independencia da dispersión presente nos seus asentamentos e ubicación.

O modelo comercial galego presenta así unhas características propias baseadas na dispersión dos asentamentos no territorio e na estrutura comarcal.

O contido do Real Decreto-lei 20/2012, está fundamentado en recomendacións reiteradas de organismos internacionais como o Fondo Monetario Internacional e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos que buscan un incremento da competitividade ao tempo que perseguen melloras para as persoas consumidoras.

Mais estas decisións contidas no Real Decreto -lei 20/2012 precisan dunha adaptación ás peculiaridades do modelo comercial do noso territorio.

A situación económica que estamos a atravesar a nivel estatal, e que afecta dun modo transversal a todos os sectores produtivos, incide dunha maneira especialmente gravosa na actividade do tecido comercial.

Non obstante, a Xunta de Galicia, a través do Plan estratéxico posto en marcha dende a Consellería de Economía e Industria, está a apostar polo incremento da competitividade do sector comercial, prestando especial atención ao comercio de proximidade. Así, destináronse 92 millóns de euros a fortalecer as estruturas comerciais e realizar actuacións de dinamización do consumo.

O comercio galego conta con ferramentas para adaptarse aos tempos e posicionarse dun xeito competitivo fronte aos grandes formatos mediante o fortalecemento da proximidade, da calidade, da atención ao cliente e da exclusividade dos produtos e dos servizos ofrecidos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAIDA
Num. 219

RS/ms

3427

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 592**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Luís Méndez Romeu, sobre **“a situación, a actividade e o custo da delegación do Igape ou da Rede Pexga en São Paulo, os mecanismos de control existentes e a valoración do Goberno galego do desenvolvemento do convenio asinado coa Confederación de Empresarios de Galicia para a súa xestión, así como as razóns do incumprimento do acordo parlamentario ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A rede Rede Pexga, impulsada pola Xunta de Galicia mediante un convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia, dispón dunha plataforma ao servizo dos empresarios galegos en São Paulo, Brasil, desde marzo de 2011.

O persoal destacado nesta oficina desde a súa apertura promoveu numerosas accións e facilitou máis de 1.600 servizos a empresas galegas interesadas en exportar ou implantarse comercialmente nese mercado, cun alto potencial de crecemento; ata a data, a de São Paulo é a segunda plataforma máis demandada polo empresariado galego, con case un 21% dos servizos totais prestados pola rede Pexga.

Paralelamente, para reducir os custos sen unha diminución na calidade do servizo e dar cumprida resposta ás demandas das empresas galegas, a Rede Pexga está en vías de facer efectivo o traslado da oficina de São Paulo a locais cedidos pola oficina comercial española nesa cidade, no marco do acordo asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Economía e Competitividade.

O Goberno galego mantén a dirección, coordinación, supervisión e o control das actuacións e os investimentos e gastos da rede PEXGA, que xestiona, no día a día, a CEG, que –non se debe esquecer– representa a máis de 100.000 empresas. O seguimento das actuacións é permanente.

A Xunta fai unha valoración positiva do desenvolvemento e funcionamento da Rede Pexga, que vai ter un custos sensiblemente inferiores aos previstos inicialmente, cubrindo os obxectivos fixados sobre incremento no número de empresas exportadoras e das exportacións. Deste xeito, estanse aplicando fórmulas de redución de custos como o traslado, onde é posible, a oficinas comerciais do Goberno de España, o que permite que o orzamento máximo de 17,9 millóns de euros nun período de catro anos (dos que 16,8 correspondían a rede Pexga e 1,1 ao servizo de licitacións internacionais SALT) se vexa reducido ao redor dun 40%.


Os principais indicadores de seguimento do convenio son os referidos ao número de accións realizadas e servizos facilitados ás empresas atendidas e os custos dos mesmos.

A información sobre os procedementos internos abertos para depurar posibles responsabilidades entre o persoal do Igape foi facilitada en sede parlamentaria, en diferentes debates. A información demandada na moción citada non puido ser achegada nos prazos previstos por tratarse de expedientes incurso no procedemento xudicial aberto ao abeiro do chamado Caso Campeón. Sobre a Rede Pexga informou o director xeral do Igape en comisión, en decembro de 2011, e estaba prevista unha nova comparecencia, solicitada en xuño de 2012 polo Grupo Parlamentario Popular, que nun puido celebrarse pola disolución da Cámara previa ás eleccións autonómicas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL

17 FEB 2013

3160

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 648**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez , sobre **“os datos do Goberno galego respecto da situación da empresa Alimentos Lácteos, S.A., na súa factoría de Outeiro de Rei, as xestións realizadas e as actuacións previstas para garantir o mantemento da actividade empresarial e os postos de traballo nela”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da importancia de que Galicia dispoña de industrias lácteas con potencial para transformar o leite galego e procurar que o seu valor engadido quede en Galicia.

As dificultades de Alimentos Lácteos para dispoñer do circulante necesario para consolidar as súas marcas de calidade no mercado teñen derivado en tensións económicas internas e en dificultades para dispoñer do produto necesario para a súa transformación e distribución.

Como puxo de manifesto co apoio comprometido a través de Xesgalicia e Igape, a Xunta de Galicia confía en que a empresa poida superar as dificultades financeiras e poida acceder á liquidez necesaria para desenvolver os seus plans a medio e longo prazo, garantindo o emprego asociado e a viabilidade das cooperativas e das explotacións gandeiras que dependen da factoría.

Este esforzo debe ser compartido polas cooperativas, que son tamén accionistas e que deben apostar por esa vía, entregando o leite, para que a empresa poida desenvolver o seu plan de negocio e consolidar no mercado as súas marcas de referencia -Deleite e Muuu-, de calidade recoñecida.

A preocupación e o esforzo da Xunta de Galicia están enfocados cara á recollida de leite aos gandeiros e ao mantemento dos postos de traballo, facendo posible que o valor engadido da súa produción permaneza en Galicia.


Nesta liña, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape e Xesgalicia, está a avaliar diversas alternativas para asegurar o futuro de Alimentos Lácteos, en defensa dos intereses dos gandeiros, das cooperativas e dos recursos públicos comprometidos pola Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENERGÍA

4 FEB. 2013

3151

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAIDA
Num. 121

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 655**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as razóns para a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto de explotación dunha canteira no concello de Castrelo de Miño, a valoración do Goberno galego desta instalación, así como a súa incidencia na actividade agraria, no tecido produtivo e económico do contorno e as previsións ao respecto na tramitación do expediente”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A referencia do Consello da Xunta de Galicia do pasado 20 de setembro de 2012, no que se acordou a declaración de supramunicipalidade do proxecto de explotación, recolle que se trata dun proxecto que podería beneficiar tanto ao municipio no que se asentará como a toda a bisbarra, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo e un investimento para o primeiro ano de actividade próximo a 250.000 euros, deixando constancia do apoio do Goberno Galego ao desenvolvemento de proxectos mineiros innovadores, ambiental e economicamente sostibles, modernos e eficientes como este, sustentado nun plan industrial que, entre outras cuestións, pretende empregar maquinaria innovadora (ata agora non utilizada nas explotacións de granito galegas) e un método que permitirá reducir consumos enerxéticos e custos de produción, minimizando, ademais, a utilización de explosivos.

No marco de tramitación da concesión de explotación que se segue pola Consellería de Economía e Industria, na súa condición de órgano substantivo, tense coñecemento da oposición veciñal e do propio Concello de Castrelo de Miño ao proxecto polas numerosos as alegacións recibidas e o informe emitido no procedemento que se está a levar a cabo, e que serán valorados na resolución que se adopte. Complementariamente, representantes da

Xunta de Galicia xa mantiveron contactos co Alcalde do Concello de Castrelo de Miño e varios veciños e veciñas.


Non obstante, a falta de completar todos os informes sectoriais para emitir un xuízo rigoroso, a valoración do Goberno Galego, á vista do informe do órgano con competencias agrarias, da escasa superficie a ocupar pola explotación e da obriga de acometer un plan de restauración, é a de apoiar proxectos que permitan compatibilizar os usos instaurados e existentes con outros que conduzan a diversificar a estrutura económica da zona en favor da creación de emprego.

En canto á compatibilidade da tipificación do solo no que se pretende abrir a canteira e a propia actividade cabe indicar que, tal e como queda recollida na normativa de aplicación, os instrumentos de ordenación do territorio (plans sectoriais e proxectos sectoriais) permiten levar a cabo actuacións como esta en solo rústico de especial protección de espazos naturais sempre que, a través dos devanditos instrumentos, quede garantida que non se produce a transformación da súa natureza rústica e a integridade dos valores obxecto de protección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 683**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“o estado de tramitación do proxecto de aproveitamento hidroeléctrico reversible que precisa o transvasamento de auga dende o encoro das Conchas, no río Limia, ata o encoro do río Salas, a existencia dalgún informe referido aos posibles efectos neste da contaminación por cianobacteria que padece o encoro das Conchas, así como as medidas previstas para evitar esta actuación”**, (publicada no BOPG número 6, do 29 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto obxecto da iniciativa está sendo tramitado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), en calidade de órgano substantivo, e polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA), en calidade de órgano ambiental para os da efectos da avaliación de impacto ambiental.

Na actualidade o expediente atópase na fase de solicitude de informes de conformidade coa normativa de aplicación.

Partindo da documentación remitida pola CHMS, estanse a elaborar os correspondentes informes que lle serán remitidos ao citado organismo.


Dentro das canles legalmente previstas, os departamentos competentes informarán á CHMS sobre o conxunto de aspectos ambientais do proxecto unha vez se teña avaliado a documentación recibida.

A salvagarda da salubridade das augas e a compatibilización dos intereses económicos cos ambientais deben ser substanciados a través dos procedementos legalmente establecidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, enclosed within a faint oval border. The signature is stylized and appears to read 'G. Ordóñez Puime'.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

COMISSARÍA XERAL DE

10 FEB. 2013

3438



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 705**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da promoción de instalación de novas industrias no concello de Cee e, nomeadamente, do mantemento do uso industrial dos terreos da antiga Sicar fronte a intereses privados e de carácter especulativo”**, (publicada no BOPG núm.: 6, do 29 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria, e a Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está especialmente comprometida coa promoción do desenvolvemento económico e empresarial dos concellos da Costa da Morte –entre os que se atopa Cee–, como pon de manifesto a vixencia do Plan Revive, que inclúe un marco de discriminación positiva para incentivar a realización de novos investimentos nestas comarcas.

Como medida principal, o Plan Revive habilita subvencións destinadas a apoiar investimentos empresariais a partir de 200.000 euros (fronte ao mínimo xeral subvencionable de 500.000€) que se realicen nesas comarcas; estes proxectos de investimento poderán contar con subvencións mínimas garantidas do 20% se corresponden a primeiras implantacións en Galicia, e do 15% se se trata de proxectos de ampliación ou modernización de instalacións existentes. E préstamos directos complementarios.

Por outro lado, o marco xeral de axudas do Igape contemplará en 2013, como en anos anteriores, subvencións de maior intensidade ou tratamento preferente para as comarcas da Costa da Morte nas diferentes convocatorias de axudas do Igape:

- ✓ IG100, subvencións a grandes investimentos empresariais.
- ✓ Axudas para a mellora da competitividade
- ✓ Axudas para a internacionalización
- ✓ Proxectos impulsados por novos emprendedores, no marco do programa ReEmprende
- ✓ Servizos avanzados do programa ReAcciona

Por outra banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, no seu afán e obriga de poñer a disposición as súas instalacións portuarias tanto para os usuarios que así as soliciten como para as empresas que desexan instalarse nelas, sempre que cumpran os requisitos establecidos, facilitará no posible a instalación de novas industrias en Cee.

É evidente que a Xunta de Galicia aposta por todas as iniciativas que supoñan o desenvolvemento portuario e económico e que, ademais, xeren riqueza e emprego. Como exemplo basta analizar o importante incremento dos tráfico no porto de Brens desde a súa ampliación e posta en servizo no mes de febreiro do pasado ano.


No caso da empresa que ten previsto solicitar a instalación dunha fábrica de tubaxes de grandes dimensións, o ente público soamente pode remitirse á petición de información solicitada ao mesmo, e ao acordo e consenso entre as administracións.

Portos de Galicia non pode opinar sobre a conveniencia ou non da instalación desta industria nese porto por non ser da súa competencia, xa que soamente corresponde a este organismo portuario facilitar no posible os terreos solicitados para a súa actividade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms


En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 527**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a valoración do Goberno galego das posibles consecuencias da aprobación polo Goberno central do Proxecto de lei polo que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de Xustiza e do Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería da Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre sinalar que a regulación das taxas polo exercicio da potestade xurisdiccional é competencia exclusiva do Estado, ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.5º, 6º e 14º da Constitución Española.

Neste marco as Cortes Xerais veñen de aprobar a Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulamentan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, xa en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial do Estado o pasado 21 de novembro de 2012.

A referida norma estatal amplía o ámbito subxectivo e obxectivo das taxas xudiciais regulamentadas no seu día pola Lei 53/2002, do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social. E forma parte dun conxunto de reformas estruturais impulsadas polo Goberno de España para modernizar o sistema xudicial no seu conxunto.

Segundo ten indicado o Ministerio de Xustiza, a lei persegue reducir os niveis de litixiosidade, con mecanismos para evitar un uso desproporcionado da xustiza, baixo pautas de responsabilidade social, axilidade e máxima eficacia no funcionamento da xustiza.



Esta reivindicación é compartida dende hai anos por múltiples operadores xudiciais e tamén foi defendida polo anterior executivo central no seu proxecto de Lei de Medidas de Axilización Procesual, cuxa exposición de motivos sinalaba *'O aumento da litixiosidade é indicativo da confianza que os cidadáns depositan na xustiza, pero pon de manifesto a necesidade de introducir profundas reformas para asegurar a sostibilidade do sistema e garantir un servizo público de calidade'*. O devandito proxecto establecía, entre outras, medidas para restrinxir as posibilidades de recurso é revisión, impondo ademais novas vías de recadación de ingresos.

En efecto, o artigo 119 da Constitución Española establece que *'a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar'*.

Precisamente, un dos obxectivos centrais da reforma é contribuír ao financiamento do servizo de xustiza gratuíta, que en 2011 atendeu a máis de dous millóns de persoas no conxunto do territorio nacional e que ten experimentado un progresivo incremento no volume de recursos necesarios para a súa cobertura.

A Lei de Taxas non prevé o pago de ningunha taxa na vía penal e conta con varias exencións nos procesos civís: os procesos de capacidade, filiación e menores, así como os de garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos. Ademais, quedarán exentas de pago todas aquelas persoas que acrediten dispor de escasos recursos económicos.

As vítimas de violencia de xénero e de maltrato infantil non só quedarán exentas do pago de calquera taxa senón que, ademais, pasarán a ser beneficiarias directas da quenda de oficio, polo que tampouco asumirán custo algún polo servizo de avogado/a e procurador/a.

Cómpre sinalar que o sistema prevé a recuperación do pagado coas taxas se os tribunais acaban dando a razón a quen iniciou o procedemento, porque estarán incluídas na correspondente taxación en costas. É dicir, a taxa será reintegrable xa que no suposto de sentenza favorable será devolta e, polo tanto, será o litigante ao que a xustiza non lle dea a razón quen finalmente teña a obriga do seu pagamento.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL ENTRADA

13 FEB. 2013

3687

galicia

Por último, e a pesares de que a lexislación establece a posibilidade para as Comunidades Autónomas de establecer taxas complementarias polo uso dos medios materiais de titularidade autonómica, a Xunta de Galicia non prevé iniciativa algunha ao respecto, como si o están a facer outras comunidades como Cataluña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

23 XAN. 2013

2482

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 727**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre **“a suba, para o ano 2013, das taxas ou prezos fixados polo Sergas para os servizos prestados a terceiros obrigados ao seu pagamento, e as previsións respecto da súa aplicación”**, (publicada no BOPG núm.: 6, do 29 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O DECRETO 221/2012, do 31 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias, actualiza estas tarifas segundo o IPC, e establece o seguinte:

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, establece no seu anexo IX que, conforme o previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade, na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, no artigo 2.7 deste real decreto e demais disposicións que resulten de aplicación, os servizos públicos de saúde reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación, nos seguintes supostos:


1. Asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, á Mutualidade Xeral Xudicial ou ao Instituto Social das Forzas Armadas, que non fosen adscritos, a través do procedemento establecido, a recibir asistencia sanitaria do Sistema nacional de saúde.

2. Asegurados ou beneficiarios de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social, naquelas prestacións cuxa atención corresponda á empresa colaboradora conforme o convenio ou concerto subscrito.
3. Accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo, do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña.
4. Seguros obrigatorios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo José Ordóñez Puime', is written over a faint, circular stamp or seal. The signature is fluid and cursive, with a prominent horizontal stroke across the middle.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAIDA
Num. 218

RS/ms

3426

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 730**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu, sobre **“os motivos e consecuencias da demora, así como o prazo previsto pola Consellería de Economía e Industria para o cumprimento do seu compromiso de regulación do sector da fontanería”**, (publicada no BOPG núm.: 6, do 29 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O acordo do conselleiro de Industria co sector da fontanería cumpriuse dando lugar ao inicio dos traballos para a aprobación da ‘Orde de creación do rexistro de instalación interiores de subministración de auga de Galicia e a habilitación das empresas instaladoras’ mais consultada a asesoría xurídica da Xunta esta indicou a súa inviabilidade xurídica establecendo que, no contexto xurídico actual, as instalacións interiores de subministro de auga e as empresas autorizadas para executalas non están sometidas a ningunha regulamentación de seguridade industrial, e polo tanto é unha actividade liberalizada á que se lle aplica na súa integridade a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

8 FEB 2013

3436

galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 731**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para a dispoñibilidade pola industria naval galega, antes do remate do ano 2012, dun sistema de arrendamento fiscal, tax lease, para a contratación de buques e, as medidas que vai adoptar en materia de mantemento do seu emprego, así como para o fomento da construción de buques especializados e de alta tecnoloxía”**, (publicada no BOPG núm.: 6, do 29 de novembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a pesar de que reconece que para o tema do Tax-Lease non é interlocutor, conxuntamente coa Mesa do Dialogo Social xa veu executando accións directas tanto coa Comisión da Competencia como co Goberno Central pondo no seu coñecemento as propostas que elaborou e que serviron de base para a formulación da proposta que finalmente foi aprobada pola Comisión Europea da Competencia e que xa entrou en vigor a principios do ano 2013.

O goberno Galego desde que escomenzou a crise veu traballando na implantación de programas destinados ao mantemento de emprego e reter a man de obra cualificada.

Así, no ano 2012 e en colaboración coa Xerencia do Sector da Construción Naval, púxose en marcha unha Convocatoria de Axudas a Formación da Industria Auxiliar do Sector da Construción Naval de Galicia, para a realización de proxectos e actuacións orientadas á formación continua dos traballadores e traballadoras da industria naval, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopaban incluídos nun expediente de regulación de emprego que conleve suspensión do contrato de traballo, e excepcionalmente a traballadores do Sector en situación de desemprego coas seguintes características e previsións.

Beneficiarios: Empresas e Entidades sen ánimo de lucro que prestasen servicios de formación.

Obxectivos:

- Manter o emprego no sector.
- Mellorar a cualificación dos traballadores en situación de ERTE e en paro.
- Formar a uns 500 traballadores dos cales 300 estarían en situación de ERTE
- Financiar uns 30 cursos cunha duración media de 300 h.

Financiamento:

- Custo Total estimado do Plan 2.000.000 €.
- Achega da Xerencia do Sector da Construción Naval a través do Fondo Social Europeo 1.340.000 €.
- Achega da Xunta de Galicia 260.000 €.
- Achega das empresas e/ou centros de formación 400.000 €.

Asimesmo, e conscientes de que esta situación, está a ter unha especial repercusión no sector do metal e auxiliar do naval en Galicia, por parte da Xunta de Galicia deseñouse o proxecto **Empreganav**, sendo os seus beneficiarios, as persoas desempregadas provenientes de empresas de Galicia do CNAE 25, de Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, cuxo despido fora motivado por causas obxectivas entre o 23 de marzo e o 23 de decembro de 2011.

En base ao anterior, a Xunta de Galicia presentou, en data 28 de decembro de 2011, unha solicitude, EGF/2001/019 ES/Galicia Metal, de cofinanciamento deste proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG) (Regulamento CE N.º 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización). En data 25 de outubro de 2012 ditouse Decisión do Parlamento Europeo e do Consejo Europeo relativa á mobilización do FEAG para proporcionar o importe solicitado de 2.029.235 €.



O investimento total do proxecto ascende a 3.121.900 euros, dos cales a Comisión Europea contribúe cunha axuda no reembolsable do 65% e a Comunidade Autónoma de Galicia achega o restante 35%, sendo este cofinanciamento asumido conxuntamente pola Consellería de Traballo e Benestar e pola Consellería de de Economía e Industria.

O obxectivo deste proxecto é o de poder proporcionar, aos beneficiarios, un conxunto de actuacións que dean resposta urxente e palíen a situación que se produciu en Galicia neste sector.

Na actualidade, o Proxecto FEAG da Industria da Construción Naval en Galicia, Empreganav, está sendo executado de forma conxunta pola Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval do Diálogo Social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME en representación da CEG, a Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UXT, MCA-UXT.

Para levar a cabo o proxecto Empreganav, deseñouse un Plan Integrado de Medidas feito a medida dos traballadores afectados do sector, para que se lles poida acompañar persoal e individualizadamente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinsertión no mercado laboral. Este divídese en 7 fases:

1. Acollida e diagnóstico inicial
2. Programa de formación
3. Medidas de sensibilización
4. Programa de inserción
5. Programa de orientación
6. Medidas de acompañamento
7. Programa de incentivos

Actuacións anualidade 2012.

As accións emprendidas, no período comprendido entre o 1 de xullo do 2012 e o 31 de decembro do 2012, téñense centrado na acollida e diagnóstico inicial, medidas de sensibilización, orientación laboral por conta allea e formación (formación en activación laboral e formación transversal).

Nesta primeira etapa do proxecto os esforzos foron encamiñados a localización e contacto coas persoas desempregadas procedentes do sector do metal e auxiliar do naval, nas datas elixibles.

Ao mesmo tempo, durante este período, realizouse unha investigación, que servirá de base no deseño dos itinerarios, para detectar as ocupacións cun maior potencial de inserción, nos territorios de procedencia da poboación desempregada.

Actuacións anualidade 2013.

Tras unha análise en profundidade das ocupacións con maior potencial de inserción, dentro do sector do metal e auxiliar do naval e en novas tecnoloxías, deseñaranse unha serie de accións formativas, adaptadas ás necesidades formativas e as competencias da poboación participante.

A formación é unha das ferramentas máis eficaces das que se serven as persoas e as organizacións para adaptarse as novas circunstancias e as diferentes situacións que se van sucedendo. Unha adecuada formación é un requisito imprescindible que a poboación traballadora debe de acreditar para poder competir no mercado laboral.

Por este motivo, de forma complementaria ás accións de orientación, asesoramento, acompañamento e inserción, cumpre sinalar que realizarase un plan de formación co fin de dotar os traballadores dunha maior empleabilidade, ben mediante unha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias:

- **Formación en competencias básicas:** Tratarase dun programa de formación para a adquisición de competencias e coñecementos correspondentes á educación básica, co fin de adquirir e actualizar a formación básica das persoas participantes ata a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.



Prevese que se levarán a cabo 5 cursos, eminentemente prácticos, de 100h de duración respectivamente, onde participarán aproximadamente uns 191 usuarios/as.

- **Formación en activación laboral:** Realizaranse cursos de contido eminentemente práctico e de curta duración como continuación dos xa realizados durante o ano 2012, destinados a activar aos usuarios no seu proceso de procura de emprego.
Prevese que participen nesta acción aproximadamente 185 usuarios/as, polo que realizaranse 5 cursos de formación de 60 h. cada un, nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense e Vigo.
- **Formación transversal:** Como continuación das accións levadas a cabo durante o ano 2012, realizaranse cursos de formación transversal segundo as necesidades específicas de cada un dos participantes, detectadas no proceso de definición do seu itinerario personalizado.
Entre os cursos que se realizarán o longo do 2013 cabe destacar, os cursos de Autocad, Interpretación de planos, Operador de carretillas elevadoras, Adquisición da Tarxeta Profesional de Construción, Informática, Inglés, etc...
- **Formación de especialización dentro do sector:** Este programa estará composto por diferentes cursos destinados a proporcionar unha mellora na súa cualificación profesional dentro do sector en base á ampliación de coñecementos relacionados coas súas tarefas desenvolvidas no sector naval e mesmo a novas técnicas dentro do sector en puntos de nova empleabilidade como consecuencia de avances tecnolóxicos.
Levaranse a cabo cursos de formación en relación a: Procesos de corte e reparación de bordes, soldadura, interpretación de planos, etc...

Actuacións previstas anualidade 2014.

Ao longo do ano 2014, prevese realizar fundamentalmente accións de formación que complementen a formación levada a cabo nos anos 2012 e 2013, e ofrecer apoio á recolocación, mediante a realización dunha análise continuada do tecido industrial da zona de influencia para detectar necesidades de persoal nas empresas e posterior xestión das ofertas

de emprego, co fin de trasladalas aos diferentes usuarios en cuxos itinerarios profesionais encaixe a oferta de emprego localizada.

A Xunta de Galicia sempre colaborou co sector fomentando e apoiado aos nosos estaleiros na construción de buques especializados e de alta tecnoloxía nos que se atopan altamente especializados e son referencia mundial, e continuará colaborando principalmente con dúas medidas:


- 1º Participación da Consellería de Economía e Industria e do IGAPE no novo Fondo Naval de Garantías (FNG) xestionado pola entidade Pymaval Garantías, S.A.U. (PYMAVAL), sociedade que foi creada para tal fin no seo de PYMAR.
- 2º Constitución de un Fondo de Apoio á Construción Naval no seo do IGAPE.

Por outra parte, o Presidente e o Conselleiro de Economía e Industria continuaran favorecendo a internacionalización do noso sector tal e como fixeron na anualidade 2012 actuado como interlocutores e pondo en contacto aos nosos estaleiros coas armadoras que teñen as principais frota do mundo (Pemex, Petrobras...) e que xa fructificaron coa contratación de varios buques.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

7 FEB 2013

3434

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 744**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, o mantemento do emprego e o fomento da construción de buques especializados e de alta tecnoloxía”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa devandita Lei 5/2010 o sector da construción naval e un sector estratéxico para a economía galega e así aparece reflectido no Plan Estratéxico 2010 - 2014 Horizonte 2020.

Así, as medidas a adoptar para o desenvolvemento da mesma irán encamiñadas a acadar o obxectivo global e os obxectivos estratéxicos que o plan establece para este sector estratéxico. Así no eixo da dinamización económica, crecemento e emprego as medidas irán encamiñadas a, Internacionalizar a economía galega e fomentar o investimento empresarial o espírito emprendedor e a innovación nas empresas, a potenciar a competitividade deste sector estratéxico mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial e a acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego e no eixo da economía do coñecemento a construír unha sociedade competitiva baseada na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial como garantía de crecemento.

Así propiciarase:

- A especialización da oferta: Ferrol, en estaleiros públicos, de gran tamaño e con inclinación ao sector militar, ampliar a actividade cara a construción naval civil; Vigo, estaleiros privados de tamaño mediano, consolidado no sector privado.
- O reforzo do clúster do sector naval, aumentar a dimensión e implicación dos axentes, e contribuír a poñer en marcha novos proxectos dinamizadores, completarse cunha unificación dos servizos que se prestan no mar mellorarán a xestión ambiental e a seguridade.
- Ser un referente na I+D+i

O Goberno galego desde que escomenzou a crise veu traballando na implantación de programas destinados ao mantemento de emprego e reter a man de obra cualificada.

Así, no ano 2012 e en colaboración coa Xerencia do Sector da Construción Naval, púxose en marcha unha Convocatoria de Axudas a Formación da Industria Auxiliar do Sector da Construción Naval de Galicia, para a realización de proxectos e actuacións orientadas á formación continua dos traballadores e traballadoras da industria naval, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopaban incluídos nun expediente de regulación de emprego que conleve suspensión do contrato de traballo, e excepcionalmente a traballadores do Sector en situación de desemprego coas seguintes características e previsións.

Beneficiarios: Empresas e Entidades sen ánimo de lucro que prestasen servizos de formación.

Obxectivos:

- Manter o emprego no sector.
- Mellorar a cualificación dos traballadores en situación de ERTE e en paro.
- Formar a uns 500 traballadores dos cales 300 estarían en situación de ERTE
- Financiar uns 30 cursos cunha duración media de 300 h.

Financiamento:



- Custo Total estimado do Plan 2.000.000 €.
- Achega da Xerencia do Sector da Construción Naval a través do Fondo Social Europeo 1.340.000 €.
- Achega da Xunta de Galicia 260.000 €.
- Achega das empresas e/ou centros de formación 400.000 €.

Asimismo, e conscientes de que esta situación, está a ter unha especial repercusión no sector do metal e auxiliar do naval en Galicia, por parte da Xunta de Galicia deseñouse o proxecto Empreganav, sendo os seus beneficiarios, as persoas desempregadas provenientes de empresas de Galicia do CNAE 25, de Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, cuxo despido fora motivado por causas obxectivas entre o 23 de marzo e o 23 de decembro de 2011.

En base ao anterior, a Xunta de Galicia presentou, en data 28 de decembro de 2011, unha solicitude, EGF/2001/019 ES/Galicia Metal, de cofinanciamento deste proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG) (Regulamento CE N.º 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización). En data 25 de outubro de 2012 ditouse Decisión do Parlamento Europeo e do Consejo Europeo relativa á mobilización do FEAG para proporcionar o importe solicitado de 2.029.235 €.

O investimento total do proxecto ascende a 3.121.900 euros, dos cales a Comisión Europea contribúe cunha axuda no reembolsable do 65% e a Comunidade Autónoma de Galicia achega o restante 35%, sendo este cofinanciamento asumido conxuntamente pola Consellería de Traballo e Benestar e pola Consellería de Economía e Industria.

O obxectivo deste proxecto é o de poder proporcionar, aos beneficiarios, un conxunto de actuacións que dean resposta urxente e palíen a situación que se produciu en Galicia neste sector.

Na actualidade, o Proxecto FEAG da Industria da Construción Naval en Galicia, Empreganav, está sendo executado de forma conxunta pola Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval do Diálogo Social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME en representación da CEG, a Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UXT, MCA-UXT.

Para levar a cabo o proxecto Empreganav, deseñouse un Plan Integrado de Medidas feito a medida dos traballadores afectados do sector, para que se lles poida acompañar persoal e individualizadamente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral. Este divídese en 7 fases:

1. Acollida e diagnóstico inicial
2. Programa de formación
3. Medidas de sensibilización
4. Programa de inserción
5. Programa de orientación
6. Medidas de acompañamento
7. Programa de incentivos

Actuacións anualidade 2012.

As accións emprendidas, no período comprendido entre o 1 de xullo do 2012 e o 31 de decembro do 2012, téñense centrado na acollida e diagnóstico inicial, medidas de sensibilización, orientación laboral por conta allea e formación (formación en activación laboral e formación transversal).

Nesta primeira etapa do proxecto os esforzos foron encamiñados a localización e contacto coas persoas desempregadas procedentes do sector do metal e auxiliar do naval, nas datas elixibles.



Ao mesmo tempo, durante este período, realizouse unha investigación, que servirá de base no deseño dos itinerarios, para detectar as ocupacións cun maior potencial de inserción, nos territorios de procedencia da poboación desempregada.

Actuacións anualidade 2013.

Tras unha análise en profundidade das ocupacións con maior potencial de inserción, dentro do sector do metal e auxiliar do naval e en novas tecnoloxías, deseñaranse unha serie de accións formativas, adaptadas ás necesidades formativas e as competencias da poboación participante.

A formación é unha das ferramentas máis eficaces das que se serven as persoas e as organizacións para adaptarse as novas circunstancias e as diferentes situacións que se van sucedendo. Unha adecuada formación é un requisito imprescindible que a poboación traballadora debe de acreditar para poder competir no mercado laboral.

Por este motivo, de forma complementaria ás accións de orientación, asesoramento, acompañamento e inserción, cumpre sinalar que realizárase un plan de formación co fin de dotar os traballadores dunha maior empleabilidade, ben mediante unha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias:

- Formación en competencias básicas: Tratarase dun programa de formación para a adquisición de competencias e coñecementos correspondentes á educación básica, co fin de adquirir e actualizar a formación básica das persoas participantes ata a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.

Prevese que se levarán a cabo 5 cursos, eminentemente prácticos, de 100h de duración respectivamente, onde participarán aproximadamente uns 191 usuarios/as.

- Formación en activación laboral: Realizaranse cursos de contido eminentemente práctico e de curta duración como continuación dos xa realizados durante o ano 2012, destinados a activar aos usuarios no seu proceso de procura de emprego.

Prevese que participen nesta acción aproximadamente 185 usuarios/as, polo que realizaranse 5 cursos de formación de 60 h. cada un, nas cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense e Vigo.

- Formación transversal: Como continuación das accións levadas a cabo durante o ano 2012, realizaranse cursos de formación transversal segundo as necesidades específicas de cada un dos participantes, detectadas no proceso de definición do seu itinerario personalizado.

Entre os cursos que se realizarán o longo do 2013 cabe destacar, os cursos de Autocar, Interpretación de planos, Operador de carretillas elevadoras, Adquisición da Tarxeta Profesional de Construción, Informática, Inglés, etc...

- Formación de especialización dentro do sector: Este programa estará composto por diferentes cursos destinados a proporcionar unha mellora na súa cualificación profesional dentro do sector en base á ampliación de coñecementos relacionados coas súas tarefas desenvolvidas no sector naval e mesmo a novas técnicas dentro do sector en puntos de nova empleabilidade como consecuencia de avances tecnolóxicos. Levaranse a cabo cursos de formación en relación a: Procesos de corte e reparación de bordes, soldadura, interpretación de planos, etc...

Actuacións previstas anualidade 2014.

Ao longo do ano 2014, prevese realizar fundamentalmente accións de formación que complementen a formación levada a cabo nos anos 2012 e 2013, e ofrecer apoio á recolocación, mediante a realización dunha análise continuada do tecido industrial da zona de influencia para detectar necesidades de persoal nas empresas e posterior xestión das ofertas de emprego, co fin de trasladalas aos diferentes usuarios en cuxos itinerarios profesionais encaixe a oferta de emprego localizada.

A Xunta de Galicia sempre colaborou co sector fomentando e apoiado aos nosos estaleiros na construción de buques especializados e de alta tecnoloxía nos que se atopan altamente



especializados e son referencia mundial, e continuará colaborando principalmente con dúas medidas:

- 1º Participación da Consellería de Economía e Industria e do IGAPE no novo Fondo Naval de Garantías (FNG) xestionado pola entidade Pymaval Garantías, S.A.U. (PYMAVAL), sociedade que foi creada para tal fin no seo de PYMAR.
- 2º Constitución de un Fondo de Apoio á Construción Naval no seo do IGAPE.

Por outra parte, o Presidente e o Conselleiro de Economía e Industria continuaran favorecendo a internacionalización do noso sector tal e como fixeron na anualidade 2012 actuado como interlocutores e pondo en contacto aos nosos estaleiros coas armadoras que teñen as principais flotas do mundo (Pemex, Petrobras...) e que xa frutificaron coa contratación de varios buques.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
18 FEB. 2013
Núm. 2908

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
18 FEB. 2013
SAIDA
Núm. 293

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 778**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu, sobre **“as previsións respecto da implantación da poxa dinámica entre os procedementos de contratación da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente a Xunta de Galicia continúa a traballar no desenvolvemento e implantación das aplicacións que conforman a primeira fase de introdución de medios EIT (medios electrónicos, informáticos e telemáticos) na contratación.

Unha segunda fase, que se emprenderá rematada a primeira, e da que se dará oportuna conta no momento en que estea deseñada, inclúe a introdución de outros procesos electrónicos regulados na lei, entre os que se atopa a subhasta electrónica (art.148 TRLCSP) que en realidade non é un procedemento de contratación, senón un proceso iterativo, que ten lugar tras unha primeira avaliación completa das ofertas, para a presentación de melloras nos prezos ou de novos valores relativos a determinados elementos das ofertas que as melloren no seu conxunto, baseado nun dispositivo electrónico que permita a súa clasificación a través de métodos de avaliación, e que a lei admite na fase final dos procedementos abertos, restrinxidos, negociados do art. 170.a do TRLCSP, acordos marco (art. 198.4.d TRLCSP) e nos sistemas dinámicos de contratación (art. 202.3 TRLCSP).


Ao respecto cabe indicar que a implantación da subhasta electrónica noutras administracións é moi escasa (en Galicia redúcese ao Concello de Vigo e algunha experiencia en fase piloto) e escasa é tamén a súa aplicación práctica (no pasado exercicio tense coñecemento do seu uso en so dous expedientes na cidade olívica) o que indica que, sen negar o seu mérito como recurso de optimización dos procesos contractuais, ao non poder abarcarse o proxecto EIT na súa integridade, os esforzos deben encamiñarse ao completo

desenvolvemento das actuacións que actualmente están en marcha na Xunta de Galicia, sobre todo á implantación da licitación electrónica, cunha repercusión global de moito máis calado operativo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible, partially overlapping with a handwritten signature in blue ink. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA' and 'SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS'.

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 779**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e don José Luis Méndez Romeu, sobre **“as razóns da demora e a data prevista para a posta en funcionamento das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da biomasa forestal reguladas no Decreto 149/2008, a repotenciación dos proxectos adxudicados ante o novo marco regulador e a regulamentación dos cultivos enerxéticos, así como dos instrumentos de ordenación forestal, previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria, e a Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade dúas das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal, aprobadas ao abeiro Resolución do 30 de abril de 2010 pola que se aproba a relación de anteprojectos de instalación de centrais de biomasa seleccionados consonte a Orde do 14 de novembro de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megavatios para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de centrais de biomasa (DOG nº 121, 28/06/2012) contan coa correspondente resolución de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución.

Outras dúas plantas de biomasa non serán executadas xa que nun caso o promotor renunciou a súa concesión e noutra a Consellería de Economía e Industria resolveu acordar a caducidade do expediente e o seu arquivo ao non aportar a empresa promotora a totalidade documentación contemplada no Decreto 149/2008, do 26 de xuño, a pesar dos diversos requirimentos.

No que se refire ás restantes oito plantas admitidas a trámite ao abeiro da mencionada resolución de 30 de abril de 2010, encóntranse en diferentes fases do procedemento de

autorización, estando na maior parte dos casos tramitando unha modificación do emprazamento inicialmente previsto, ou pendente da confirmación do punto de conexión da planta de biomasa á rede eléctrica onde se prevé evacuar a enerxía producida, este punto é básico xa que afectará de forma importante aos ratios de rendibilidade da futura planta de biomasa.

O artigo 15 do Decreto 149/2008, do 26 de xuño establece un prazo para a presentación da solicitude posta en marcha das plantas de produción de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal por parte da empresa promotora de 18 meses, prorrogable por causas xustificadas nun prazo non superior á metade ao inicialmente previsto, polo que atendendo aos mencionados prazos e ao grao de desenvolvemento das tramitacións administrativas, aínda que non é posible determinar unha data concreta de inicio do funcionamento das plantas, poderíamos estimar que no período comprendido entre os anos 2014 e 2015 poderían atoparse xa plantas de biomasa desenvolvendo a súa actividade de produción de enerxía eléctrica.

Respecto de se se vai permitir a repotenciación dos proxectos para mellorar a súa rendibilidade, diante do novo marco regulatorio, dicir que cómpre unha modificación do Real Decreto 149/2008 do 26 de xuño.


Por último, respecto de como se van regulamentar os cultivos enerxéticos e os instrumentos de ordenación forestal previstos na lei 7/2012, de montes de Galicia, dicir que a Consellería do Medio Rural e do Mar, indica que se van regulamentar consonte ao disposto na disposición derradeira primeira do Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e os instrumentos de ordenación forestal consonte o disposto no artigo 78 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


galicia

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

23 XAN. 2013

2480



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 879**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“as actuacións e medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para garantir o acceso a unha vivenda digna a aquelas persoas que perdan a súa vivenda habitual, por non poder afrontar o pagamento da súa hipoteca ou alugueiro, así como as xestións previstas diante do Goberno central para a transferencia da titularidade das vivendas das entidades financeiras que operan en Galicia, unha vez adquiridas pola Sareb”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro Consello da Xunta de Galicia celebrado na actual lexislatura, o pasado 5 de decembro, aprobou un programa específico que prevé o realoxo dos afectados por execucións hipotecarias en vivendas de promoción pública ou, cando non se dispoña das mesmas, en vivendas do programa Aluga. O programa xa está en vigor.


A sociedade que se faga cargo dos activos inmobiliarios das entidades financeiras terá unha maioría de capital privado, polo que o pase das vivendas ao patrimonio público suporía un custe aínda maior. Por outra parte, non se ten coñecemento do total de vivendas nesa situación existentes en Galicia, nin se polo seu prezo e características se adaptarían ao uso social que se propón.

A transferencia das citadas vivendas comportaría, tal como se indicou, un alto custo, xa que non se trata de vivendas de propiedade pública, senón de activos pertencentes a unha entidade na que a maioría do seu capital é privado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp contains a dark, textured square in the center, possibly a logo or seal. The signature is fluid and extends across the right side of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 913**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para a apertura do Rexistro de preasignación de retribución de instalacións de enerxía eléctrica en réxime especial, así como o desenvolvemento da normativa autonómica que permita o aproveitamento da enerxía eléctrica producida mediante fontes renovables e, en particular, do balance neto para autoconsumo en pemes”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia levará a cabo todas as accións que contribúan ao desenvolvemento de instalacións de produción de enerxía eléctrica en Galicia a través de fontes renovables e eficientes, como é o caso do recurso de inconstitucionalidade. En todo caso, o dito recurso de inconstitucionalidade é a ferramenta xurídica de maior rango que pode empregar este Goberno, polo tanto, a acción máis importante das que se poden levar a cabo contra a aprobación do Real decreto-lei 1/2012, polo que entendemos que no caso concreto da suspensión do rexistro de preasignación cumprimos co noso deber, defender Galicia e defender os investimentos na Comunidade Autónoma. Neste senso, a nova da admisión a trámite do devandito recurso é valorado moi positivamente. Demóstrase una vez máis que este Goberno defende os intereses de Galicia dentro do ordenamento xurídico e de acordo coas competencias propias da Comunidade Autónoma.


Por outra banda, o Balance Neto encádrase dentro das competencias básicas do Estado por afectar ao réxime económico das instalacións de xeración en réxime especial. En todo caso, este Goberno estará vixiante ás posibilidades de desenvolvemento para este tipo de instalacións unha vez que se regulen as condicións administrativas, técnicas e económicas do

consumo da enerxía eléctrica producida no interior da rede dun consumidor para o seu propio consumo, de acordo co previsto na disposición adicional segunda do Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión a rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

23 XAN. 2013

2481

galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 959**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos á evolución do VIH/SIDA en Galicia nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012 e os programas de prevención desenvolvidos nese período, a atención que se lles está a prestar ás persoas afectadas, así como as medidas previstas polo Goberno galego para garantirles a atención sociosanitaria, así como unha axeitada prevención da enfermidade no próximo orzamento”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os datos publicados, no último *Informe VIH-sida en Galicia*, de novos casos de infección VIH nos anos 2009, 2010 e 2011 son respectivamente os seguintes: 215, 167, 185. Os datos correspondentes ao ano 2012 non están aínda dispoñibles para a súa publicación.

A consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública dispón dun programa de facilitación de medios preventivos encadrado no Plan de Acción Anti VIH/sida de Galicia. Este programa ten como piares básicos proporcionar paquetes de inxección hixiénica a persoas usuarias de drogas inxectadas (UDI). Estes paquetes están constituídos por unha xiringa estéril, un vial de auga destilada, unha toallina de alcohol isopropílico e un contedor de plástico ríxido con peche de seguridade para desbotar a xiringa usada. Estes paquetes de inxección hixiénica facilitanse gratuitamente no programa de intercambio de xiringas en diferentes entidades colaboradoras como algunhas oficinas de farmacia, unidades de atención a usuarios de droga (UAD), centros penitenciarios, entidades privadas sen ánimo de lucro que participan na loita contra as drogodependencias e a infección polo VIH e a sida.

Durante o último ano 2011 estiveron operativos 79 puntos de intercambio, incluídas as oficinas de farmacia adheridas a esta modalidade de intercambio gratuíto de xiringas. Ademais

do intercambio gratuíto de paquetes de inxección hixiénica o programa de facilitación inclúe a venda a prezo subvencionado destes paquetes de inxección en todas as farmacias de Galicia.

Durante o ano 2011 distribuíronse 112.800 paquetes de inxección hixiénica de intercambio gratuíto e 173.871 da modalidade de venda subvencionada.

Así mesmo o programa de facilitación de medios preventivos inclúe a distribución gratuíta de preservativos a persoas vulnerables que teñen prácticas sexuais de risco para a infección polo VIH. A Consellería de sanidade destinou nos orzamentos este ano 2012 a cantidade de 145.000 € para subvencionar proxectos que levan a cabo entidades privadas sen ánimo de lucro para a prevención da transmisión do VIH por vía sexual.

A Consellería de Sanidade colabora con todo tipo de entidades que traballan a prol da loita contra a infección contra o VIH e a sida especialmente cando estas entidades colaboradoras traballan en campos nos que a acción do Servizo Galego de Saúde atopa máis dificultades para conseguir acceder a poboacións especialmente vulnerables e con escasa relación cos servizos sanitarios.

A infección polo VIH e a sida segue a ser unha prioridade nas políticas de saúde pública e como tal esta considerada tanto nas políticas preventivas de saúde pública como na actividade asistencial.

Paquetes de inxección hixiénica	Paquetes de intercambio	Paquetes de venda subvencionada en farmacia
Ano 2009	209.750	192.887
Ano 2010	184.504	180.495
Ano 2011	112.800	173.871
Ano 2012 (hasta 27-11-2012)	90.250	124.101

A Consellería de Sanidade colabora e promove proxectos e accións, en colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro, de prevención da infección polo VIH e a sida dirixidas a poboacións vulnerables para esta infección. O Diario Oficial de Galicia publica cada ano as ordes de axudas para financiar proxectos, en réxime de concorrencia competitiva, de accións de saúde pública no campo do VIH e a sida que levan a cabo estas entidades. Tamén financia



anualmente proxectos de accións de saúde pública no campo de VIH/sida e as drogodependencias a través de ordes de subvencións en concorrencia competitiva. A financiación obtida por cada proxecto esta en relación co resultado deste proceso competitivo entre os diferentes proxectos que se presentan a estas liñas de axudas

Na situación de crise económica que nos atopamos somos conscientes que algunhas entidades privadas sen ánimo de lucro, están tendo dificultades para conseguir os recursos necesarios para levar a cabo os seus proxectos. Non dispomos do número das entidades afectadas.

A Consellería de Sanidade ten a disposición dos pacientes con infección polo VIH e a sida todos os recursos de atención, tanto asistenciais de atención primaria e atención especializada na rede de centros do Servizo Galego como os de saúde pública en canto as políticas de prevención desta infección e para o coidado e atención da súa enfermidade.

A infección polo VIH e a sida é unha prioridade para a Consellería de Sanidade e polo tanto continuarase coas políticas preventivas que se viñeron implementando ata o de agora especialmente sobre aquelas persoas que teñen polas súas prácticas un elevado risco de contraer ou transmitir a infección.

Actualmente non existe lista de espera para a atención a pacientes con lipodistrofia asociada a infección polo VIH e a sida.

A medicación hospitalaria dos pacientes con infección polo VIH e a sida esta a disposición de todos os pacientes que a necesitan e totalmente gratuíta.

Todos os pacientes con infección con VIH/sida teñen garantida a medicación que precisan e todo tipo de coidado e atención sanitaria no Servizo Galego de Saúde.

Os enfermos de VIH/sida que se atopan en situación irregular no noso país poden acollerse aos beneficios da prestación da asistencia sanitaria que lles outorga a instrución 17/ 2012 de data 9 de novembro de 2012. Dita instrución ditada pola Consellería de Sanidade garante a asistencia sanitaria integramente dos pacientes con infección VIH/sida que se atopen en situación irregular no noso país.

A Federación Galega de Asociacións de Axuda ao Drogodependente (FEGAD) non presentou ningún proxecto ni solicitou ningunha axuda ao amparo da orde de subvencións a proxectos de accións de saúde pública no campo de VIH/sida neste ano 2012.

A Consellería de Sanidade agradece o traballo e o interese das entidades privadas sen ánimo de lucro que traballan voluntariamente a favor de mellorar as condicións de vida de persoas afectadas por algunhas enfermidades concretas como é o caso das drogodependencias, polo que colabora e apoia estas iniciativas.


A Consellería de Sanidade ten unha rede asistencial en drogodependencias que abarca a totalidade do territorio galego e que sigue prestando asistencia a todas as persoas con problemas de trastornos aditivos que o precisen. Non deixamos de prestar ningún servizo por parte da rede asistencial financiada pola consellería de Sanidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp contains a dark, rectangular area with some illegible text or a logo. The signature is fluid and extends across the right side of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

5 FEB 2013

3153

galicia

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
S A I D A
Num. / 23

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 961**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da declaración de interese público de carácter supramunicipal outorgada a unha concesión mineira no concello de Castrelo de Miño e a súa compatibilidade coa actividade vitivinícola da zona”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A referencia do Consello da Xunta de Galicia do pasado 20 de setembro de 2012, no que se acordou a declaración de supramunicipalidade do proxecto de explotación, recolle que se trata dun proxecto que podería beneficiar tanto ao municipio no que se asentará como a toda a comarca, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo e un investimento para o primeiro ano de actividade próxima a 250.000 euros, deixando constancia do apoio do Goberno Galego ao desenvolvemento de proxectos mineiros innovadores, ambiental e economicamente sostibles e modernos e eficientes como este, sustentado nun plan industrial que, entre outras cuestións, pretende empregar maquinaria innovadora (non empregada nas explotacións de granito galegas ata o de agora) e un método que permitirá reducir consumos enerxéticos e custos de produción, evitando, ademais, a utilización de explosivos, que será practicamente nula. Esta declaración de supramunicipalidade, do primeiro proxecto sectorial (non plan sectoria) de incidencia supramunicipal que se tramita para unha actividade mineira, permite compatibilizar a tipificación do solo coa instalación que se pretende (que legalmente leva implícita a declaración de interese público), garantindo a través deste instrumento de ordenación territorial que non se produce a transformación da natureza rústica do solo e que, ao mesmo, se respeta a integridade dos valores obxecto de protección.

No marco de tramitación da concesión de explotación que se segue pola Consellería de Economía e Industria, en su condición de órgano substantivo, tense coñecemento da oposición veciñal e do propio concello de Castrelo de Miño ao proxecto polas numerosas alegacións recibidas e o


informe emitido no procedemento que se está levando a cabo, e que serán valorados na resolución que se adopte. Non obstante, a falta de completar todos os informes sectoriais para emitir un xuízo rigoroso, a valoración do Goberno Galego, á vista do informe do órgano con competencias agrarias, da escasa superficie a ocupar pola explotación e da obrigaón de acometer un plan de restauración, é a de apoiar proxectos que permitan compatibilizar os usos instaurados e existentes con outros que conduzan a diversificar a estrutura económica da zona en favor da creación de emprego.

En canto á compatibilidade do uso coa especialización da actividade produtiva na produción vitivinícola, á marxe de que os datos aportados non son homoxéneos, dado que se pretende comparar a incidencia a nivel comarcal de todo un sector económico (o vitivinicultor) cunha única unidade de produción de outro sector diferente (o mineiro), e dada a escasa incidencia superficial da explotación mineira, (que non afecta a viñedos e debe respectar todos os condicionantes ambientais, incluída a non contaminación das augas subterráneas), non se aprecian indicios para poñer, a priori, en dúbida a compatibilidade dos usos e a especialización da actividade produtiva na produción vitivinícola, máxime cando a afección ao terreo é temporal e existen antigas explotacións a ceo aberto recuperadas para produción de kiwis, mazás e outros cultivos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

5 FEB. 2013

3154

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAIPA
Num. / 29

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 981**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización, para o ano 2013, da convocatoria anual das subvencións destinadas ás enerxías renovables”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:


“No diario oficial de Galicia do 13 de decembro de 2011, como sinala na pregunta parlamentaria, publicouse a Resolución de 1 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións a proxectos de enerxías renovables. O prazo de presentación de solicitudes era de 45 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación, polo que finalizou o día 27 de xaneiro do ano 2012. Como se pode ver a tramitación, resolución e pago de estas subvencións correu ao longo do ano 2012, consumíndose o orzamento previsto; non podendo, por tanto, proceder a unha nova convocatoria nese ano.

Para o ano actual, 2013, está prevista una nova convocatoria de subvencións de enerxías renovables, con conceptos subvencionables semellantes aos de anteriores convocatorias e orzamento pendente de establecer.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'G. Ordóñez Puime', is written over a faint, circular stamp or watermark.

Gonzalo José Ordóñez Puime




RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

22 XAN. 2013

2479



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1019**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para a recepción da parcela cedida polo Concello de Noia para a construción de vivendas de promoción pública, así como a inclusión desta actuación na súa programación para o ano 2012”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A aprobación por parte do pleno dun concello da cesión dunha parcela ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para destinala a vivendas de promoción pública non é suficiente para a súa aceptación, xa que o concello debe presentar a documentación que se lle require a todos aqueles interesados en ceder solo a este organismo. No caso que se menciona na iniciativa, a día de hoxe a documentación aínda non está completa e recentemente solicitouse a remisión polo concello da documentación que falta.

Por outra parte, nos arquivos do IGVS non consta ningún ofrecemento da parcela por parte do concello anterior á comunicación da aprobación da cesión por parte do pleno municipal.

Habitualmente os concellos comunícanlle ao IGVS a súa intención de ceder solo, ao que desde este organismo se lles contesta remitindo información sobre os requisitos e documentación necesaria, co que se axilizan os trámites.


Tamén é necesario contar co informe técnico pertinente respecto das características da parcela e as condicións que debe cumprir para que sexa aceptada a cesión.

A programación do IGVS para o ano 2012 está nesta altura pechada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The stamp contains a portrait of a man and some illegible text. The signature is a cursive script that loops around the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

FEB 2013

3435

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1044**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Tareixa Paz Franco, sobre **“o estado de tramitación do expediente da solicitude de concesión da explotación dun aproveitamento mineiro nos concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras e a valoración do Goberno galego do seu posible impacto, nomeadamente, na zona de especial protección para as aves e na actividade agraria da comarca, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A concesión de explotación, derivada de permiso de investigación Faramontaos nº 5089.1 atópase no trámite de información pública, anunciado no DOG o 17 de xaneiro de 2013. Simultaneamente, solicitáronse informes ás distintas administracións públicas para que se manifesten respecto ao proxecto presentado no ámbito das súas competencias. Entre outros organismos, solicitáronse informes aos concellos afectados e ás Direccións Xerais de Conservación da Natureza e de Producción Agraria.

O prazo aberto correspóndese co previsto na lei polo que, cabe supoñer, que o lexislador ponderou adecuadamente a amplitude do devandito prazo e a efectividade do proceso de participación pretendido, en relación cun período de tramitación dos expedientes que non debe de ser innecesariamente prolongado. Máis cando, hoxe en día, toda a información, establecida na lei, está a disposición dos cidadáns, non só nas dependencias administrativas da Consellería, senón tamén a través do portal da mesma, onde os cidadáns poden consultar e descargar a documentación. Polo tanto, non se aprecian evidencias para supoñer que as persoas afectadas non dispoñen dos datos, da información suficiente e do tempo necesario para poder realizar as aportacións que consideren oportunas.

Sobre a valoración que fai o Goberno Galego dos efectos da eventual autorización de unha actividade destas características neste lugar, e a falta dos informes sectoriais que permitan unha

manifestación rigorosa ao respecto, non é outra que a dun proxecto mineiro de similares características a outros que se veñen desenvolvendo no val da Limia e que se enmarcan na declaración de impacto ambiental marco e plan director de restauración para explotacións a ceo aberto na lagoa de Antela de febreiro de 2001.

En relación coa zona ZEPA, e a falta do informe sectorial (que, á vista da documentación presentada pola empresa, debería confirmar que as zonas de explotación propostas non se sitúan na zona de Rede Natura, nin declarada como LIC ou ZEPA), debe sinalarse que diversos estudos científicos (Lagos *et al*, 2009; Villarino *et al*, 2001) puxeron de manifesto que a actividade mineira que se ven desenvolvendo na Limia permitiu a recuperación deste lugar como lugar de invernada dunha serie de especies de aves acuáticas, que desapareceran trala desecación da lagoa de Antela.


Respecto ao impacto do proxecto na actividade agraria, o estudo de impacto ambiental valora a perda de superficie de cultivo polo cambio de uso do solo que supón a explotación, cifrándoa en 0.008% do total de superficie de cultivos do municipal aínda que, a falta do correspondente informe sectorial, non é conveniente emitir unha valoración ao respecto.

Por último, sinalar que a Consellería de Economía e Industria, como é a súa obriga, ten previsto resolver a solicitude de autorización de actividade mineira. O sentido, favorable ou desfavorable, de tal resolución, dependerá do contido dos informes sectoriais e demais achegas que se incorporen ao expediente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de **Relacións Institucionais**
e **Parlamentarias**



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 220

RS/ms

3428

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1106**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don José Luís Méndez Romeu, sobre **“o grao de cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario aprobado no ano 2010 en relación co Camiño de Inverno e as previsións respecto da súa sinalización, divulgación e promoción, así como as medidas que vai adoptar para a súa revalorización turística ao seu paso polas terras de Valdeorras e Quiroga”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“No tocante ao Camiño de Inverno como ruta de peregrinación xacobeá, a Xunta de Galicia asume o mandato parlamentario polo que se insta a proceder ao seu recoñecemento oficial, mais entendéndose como prioritario no contexto actual proceder en primeiro termo ao estudo e progresiva delimitación oficial das rutas actualmente recoñecidas na Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago, pendente dende o ano 1996, tal e como se está a facer.

Neste sentido, logo de se rematar e aprobar a delimitación do trazado do Camiño Francés ao seu paso por Galicia dende Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela, por primeira vez na súa historia, así como do Camiño Primitivo ou de Oviedo, a Xunta de Galicia está a avanzar nos traballos de delimitación dos restantes Camiños, en función das súas disponibilidades orzamentarias e técnicas, co obxectivo de proceder á súa progresiva aprobación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and strokes, positioned above the name of the signatory.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1107**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre **“os investimentos e as obras realizadas con cargo á partida orzamentaria destinada, para o ano 2012, ao arranxo do santuario da Nosa Señora das Ermidas, no concello do Bolo, así como o prazo previsto polo Goberno galego para a solución definitiva dos problemas de estrutura do recinto”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Turismo**, que ten o seguinte contido:

“É certo que nos orzamentos de 2012 figuraba a previsión dun millón de euros para o arranxo do conxunto monumental das ermidas no Concello do Bolo. Así, a Secretaría Xeral para o Turismo recibiu o 24/07/2012 o proxecto básico e de execución para as obras de rehabilitación.


Dado que a propiedade do santuario corresponde ao Bispado de Astorga e resultan afectadas propiedades particulares é preciso contar coa disposición da propiedade para a realización das devanditas obras, trámites que se demoraron por circunstancias alleas á Secretaría Xeral para o Turismo.

Así as cousas, e en vías de solución os citados trámites, a Secretaría Xeral para o Turismo prevé a licitación inmediata das obras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

REGISTRAL ENTRA

8 FEB. 2013

3429

galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1133**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a valoración do Goberno galego das medidas que se están a adoptar en relación coa situación provocada pola concentración de cianobacterias tóxicas no encoro das Conchas, no río Limia, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para solucionar o problema de xeito definitivo e recuperar o estado orixinal das augas e do seu contorno”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A administración hidráulica de Galicia non ten atribucións nesta materia no ámbito territorial ao que se refire esta iniciativa, tratándose dunha competencia estatal, exercida a través da Confederación Hidrográfica do Miño Sil.

Con todo, a entidade pública empresarial Augas de Galicia asistiu a unha xuntanza conxunta con todos os afectados á que foi convocada. Nela expuxo a solución que, no seu ámbito territorial, se está a levar a cabo no encoro de Caldas de Reis e puxo en coñecemento da citada Confederación os datos que se coñecían ata o momento en canto as conclusións provisionais e ás previsións de resultados futuros da súa eficacia, aínda tendo en conta que as circunstancias e características de ambos encoros sexan moi diferentes. Na mesma xuntanza, por parte da Confederación Hidrográfica do Miño Sil informouse de diversas medidas que se están a adoptar e das propostas coa finalidade de abordar a problemática e velar polo cumprimento da Directiva marco da auga.


Por último, cómpre sinalar que, no marco da competencia da Xunta de Galicia en materia de execución de obras hidráulicas, desde o 2009 ata a actualidade licitáronse actuacións con obras de saneamento e depuración por un importe de un millón de euros, en concellos da

bacía hidrográfica de achega ao encoro das Conchas. E no pasado ano licitáronse, neste senso, novas actuacións por importe próximo aos 400.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

DE GALICIA
XERAL ENTRADA

5 FEB. 2013

3145

galicia

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
S A I D A
Num. 115

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1151**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da derogación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario e a aplicación das medidas contidas no Plan xeral de normalización da lingua galega”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 1339 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 18-19/12/2012; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Gonzalo José Ordóñez Puime

xcma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



13 FEB 2013

3691



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1173**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e dona Beatriz Sestayo Doce, sobre **“os datos referidos aos servizos que está prestar na actualidade o 065, a súa dotación de medios humanos e materiais, así como os criterios e a metodoloxía que emprega”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 12 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A media de servizos que executa o 065 ao longo dun ano son aproximadamente 592.000 servizos. Entre os servizos realizados distinguimos as seguintes tipoloxías e porcentaxes:

- Consultas ou tratamentos sanitarios	4,37%
- Centros de aloxamento/residencia da rede pública	2,17%
- Centros de Día da Rede pública de Servizos sociais	33,16%
- Outros centros de servizos sociais	46,96%
- Actividades educativas e formativas	4,08%
- Actividades básicas da vida diaria	4,83%
- Outros	4,44%

Os criterios de priorización dos servizos de acordo coa dispoñibilidade de vehículos e horarios véñense aplicando de acordo coa normativa que regula o servizo.

Así, o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP 065) é un servizo público de carácter social que facilita desprazamentos programados e non urxentes a persoas en situación de dependencia, de discapacidade ou con dificultades de mobilidade.

Os seus obxectivos son: poñer a disposición das persoas con discapacidade e/ou dependentes que teñan dificultades de mobilidade os medios adecuados as súas necesidades, que lles

faciliten dita mobilidade; garantir o acceso, en condicións de igualdade efectiva, das persoas con discapacidade e/ou dependentes aos servizos esenciais, favorecendo así a súa comunicación e participación no seu entorno habitual e dispoñer de recursos para a normalización da realización das actividades instrumentais e básicas da vida diaria por parte das persoas con discapacidade e/ou dependentes.

A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal procurará cubrir as necesidades básicas de desprazamento das persoas usuarias, de acordo coa seguinte orde de prioridades:

- Acudir a consultas ou tratamentos do sistema sanitario cando o desprazamento non sexa competencia de dito sistema.
- Traslados a/ou desde as residencias, centros de día ou outros equipamentos sociais do Sistema galego de Benestar ou de carácter persoal, cando en ditos equipamentos non existan medios propios de transporte.
- Traslados para a realización de actividades básicas da vida diaria que favorezan a autonomía e o desenvolvemento persoal.
- Traslados para realización de actividades de carácter formativo e educativo.

O feito de que un usuario teña solicitado un servizo determinado, nunha franxa horaria, non implica, por conseguinte, a súa realización efectiva nos termos demandados, se non que son avaliadas o conxunto das necesidades da zona, e analizadas e priorizadas as peticións de servizo recibidas, antes de confirmarlle ao beneficiario a posibilidade ou imposibilidade de realizar o servizo solicitado. Dita confirmación efectúase coa debida antelación, de acordo coa natureza do servizo demandado, e, en todo caso, como mínimo, con 24 horas.

O Servizo conta na actualidade con 114 vehículos e dá cobertura á totalidade do territorio de Galicia, que se distribúe en 61 áreas de prestación do Servizo, clasificadas en áreas urbanas, metropolitanas, semiurbanas, rurais e de elevada dispersión. O 065 inclúe a asistencia dun



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

13 FEB. 2013

3691

galicia

monitor en cada vehículo que é o encargado de recoller a cada usuario no punto mais próximo ao seu domicilio ou lugar de recollida, tanto no inicio como na finalización do servizo.

Dende o Centro de Control establécense diariamente as rutas de cada un dos 114 vehículos. En cada unha das rutas figuran os aspectos seguintes: área de cobertura, matrícula do vehículo, hora de chegada e hora de saída na recollida, enderezo de recollida, nome do usuario, indicación de si vai con acompañante, indicación de si é usuario de cadeira de rodas, enderezo do destino, hora de chegada ao destino, hora de saída no destino de descenso do usuario/a do vehículo, observacións si é necesario, e distancia quilométrica.

Os vehículos reciben as rutas nun dispositivo instalado e confirman a realización dos servizos”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

18 FEB. 2013

Num. **2906**

galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

18 FEB. 2013

SAIDA

Num. **295**

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1174**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar, sobre **“os datos referidos ás transferencias aos concellos galegos para a prestación dos servizos sociais comunitarios realizadas nos últimos catro anos”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre destacar que unicamente se poden considerar transferencias as realizadas ás corporacións locais a partir da entrada en vigor do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, do 30 de marzo de 2012). Con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais realizábase a través de subvencións concedidas ao abeiro dunha orde de convocatoria que tiña periodicidade anual.

As contías concedidas mediante subvencións a cada corporación local de Galicia no período 2009, 2010 e 2011 foron publicadas no DOG en cumprimento do disposto no artigo 18º.1 da Lei 38/20003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Polo tanto, esta información pode consultarse no DOG do 22 de marzo do 2010, do 5 de xaneiro do 2011, do 23 de decembro do 2011 e do 10 de xaneiro do 2012.


As transferencias finalistas concedidas no exercicio 2012 ao abeiro do mencionado Decreto 99/2012 aínda non foron publicadas no DOG, pero serán publicadas en vindeiras datas en cumprimento do artigo 64 do Decreto 99/2012, que establece a publicación destas transferencias finalistas no DOG, así como na web oficial do órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias no sistema galego de

servizos sociais, a Consellería de Traballo e Benestar, dentro do primeiro trimestre do exercicio inmediatamente posterior ao da súa concesión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS' around the perimeter and 'GONZALO JOSÉ ORDÓÑEZ PUIME' in the center. The signature is a cursive script that overlaps the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime




PARLAMENTO DE GALICIA
 DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

5 FEB. 2013

RS/ms

3156



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1184**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria, para o ano 2012, das subvencións destinadas aos proxectos de aforro e eficiencia enerxética, a súa contía económica e as súas liñas de actuación”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“No diario oficial de Galicia do 14 de setembro de 2011, publicouse a Resolución do 2 de setembro de 2011 pola que se establecen ás bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvención a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011. O prazo de presentación de solicitudes foi de 2 meses, contados desde o seguinte a aquel en que se publicaron as bases no Diario Oficial de Galicia, polo que finalizou o día 15 de novembro de 2011.


A tramitación, resolución e pago de estas subvencións correu ao longo do ano 2012, consumíndose o orzamento previsto, non podendo, por tanto, proceder a unha nova convocatoria nese ano.

Para o ano actual, 2013, está prevista unha nova convocatoria de subvencións de aforro e eficiencia enerxética. Procederáse en primeiro lugar á convocatoria de subvencións de aforro e eficiencia de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) dos concellos, co obxecto de apoiar a estes nun momento en que as necesidades económicas os están a afogar, cumprindo así co compromiso deste Goberno de colaboración con outras institucións para o cumprimento dos seus fins.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'G. Ordóñez Puime', enclosed within a faint, circular stamp or seal.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
GOBIERNO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

galicia



RS/ms

23 XAN. 2013

2484

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1203**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“a denegación polo Goberno galego das axudas referidas á ampliación do período de subsidiación do préstamo por adquisición de vivenda protexida vinculadas ao Plan de vivenda 2005-2008 no barrio de Navia, en Vigo”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A subsidiación é unha axuda financeira para a adquisición de vivenda que establece o Ministerio de Fomento a través do Plan de vivenda. Esta axuda consiste no abono por parte do Ministerio de Fomento dunha contía fixa que se descontará dos pagamentos que a entidade financeira facture ao adquirente. Para manter esta axuda debe revisarse o cumprimento dos requisitos cada 5 anos. Polo tanto, trátase dunha axuda estatal que non se vai prorrogar no futuro.

Así o establece o Real Decreto-lei 20/2012 (BOE do 14 xullo) que no seu artigo 35 di:

‘A partir de la entrada en vigor de este Real Decreto-lei quedan suprimidas las ayudas de subsidiación de préstamos contenidas en el Real Decreto 2066/2008, de 12 de diciembre, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda y Rehabilitación 2009-2012. Así mismo no se reconocerán aquellas solicitudes que estén en tramitación y que no hayan sido objeto de concesión por parte de la Comunidad Autónoma.’


O Goberno galego ten as súas propias liñas de apoio para o acceso á vivenda, que nalgúns casos complementan as estatais e noutros establecen prioridades axustadas á realidade territorial de Galicia. Por parte da Xunta de Galicia, no pasado exercicio destináronse máis

de 3 millóns de euros a axudas para adquirentes de vivendas protexidas ao abeiro dos plans de vivenda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp contains a small, dark, rectangular emblem or logo in the center. The signature is fluid and cursive, extending across the width of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAIDA
Num. 205.

RS/ms

3415

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1259**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Monserrat Prado Cores, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a degradación das condicións laborais no sector da construción e, nomeadamente, na execución das obras da estación do AVE na cidade de Vigo”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Traballo e Benestar ten un plan de actuación, en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, para o control e seguimento das situacións ilegais en todos os sectores e, en especial nas obras de construción; así figura especificamente contemplado no Plan de Actuación da Inspección de Traballo para o ano 2013:

Neste sector continuarase desenvolvendo unha actuación permanente e cuantitativamente relevante, reflectíndose, non só na comprobación das condicións materiais, senón ao exame e comprobación da efectividade real dos plans e estudos de seguridade, totalizando en Galicia unha programación de 2.335 ordes de servizo, mais do 69% do total da actividade planificada do área.

As visitas ás obras seleccionaranse preferentemente a través das Comunicacións de Apertura e Avisos Previos que traslada a Autoridade Laboral Autonómica, anotacións en libros de incidencias, así como outras fontes de coñecemento: sindicatos, Colexios de Arquitectos, etc.

A maior parte das actuacións van dirixidas á comprobación das condicións materiais de seguridade que inclúe a vixilancia do cumprimento das disposicións mínimas de seguridade e saúde do RD 1627/1997 e outros Regulamentos de desenvolvemento da Lei 31/1995.

Outra parte das actuacións será destinada a vixiar o cumprimento das obrigacións da Lei 32/2006, comprende fundamentalmente as obrigacións referidas a acreditación e rexistro de empresas subcontratistas, formación de traballadores e persoal directivo e réxime de subcontratación contido no Art. 5 da Lei 32/2006, e demais obrigacións cuxo incumprimento está tipificado dentro das infraccións en materia de prevención de riscos laborais.

Dentro deste apartado continuaranse as campañas desenvolvidas no ano 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1267**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“as intencións da Consellería de Traballo e Benestar respecto do inicio do proxecto de creación dun centro de día nas instalacións do Albergue Xuvenil Marina Española situado no concello de Bergondo”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno da Xunta de Galicia está comprometido co obxectivo de ofrecer aos maiores os servizos que precisan. Eles son, de feito, un dos colectivos prioritarios do Plan de Actuación Social 2010-2013, a estratexia en materia de políticas sociais que este Goberno vén desenvolvendo nos últimos anos.


Con ese obxectivo, a Consellería de Traballo e Benestar traballa cunha planificación a medio e longo prazo, unha planificación que permitiu poñer en funcionamento na pasada lexislatura un total de 11 centros de día na provincia da Coruña, 4 deles na propia comarca da Coruña.

Nesta liña, a Consellería de Traballo e Benestar seguirá traballando na planificación para poder incrementar o número de prazas en centros de día e residencias na nosa Comunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The signature is cursive and appears to read 'Gonzalo José Ordóñez Puime'. The stamp is partially obscured by the signature and is mostly illegible.

Gonzalo José Ordóñez Puime




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

3433

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1279**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“os investimentos levados a cabo polo Goberno galego na construción da residencia para persoas dependentes físicas do concello de Bóveda, as razóns da elección dunha empresa privada para a súa xestión, así como o orzamento destinado ao concerto de prazas”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Respecto á construción da residencia de Bóveda, debemos ter en conta que estamos a falar dun centro privado no que a Consellería de Traballo e Benestar Social non achegou ningunha cantidade para este fin, é dicir, non financiou nada que teña que ver coa construción ou co equipamento deste centro. A Consellería de Traballo e Benestar non financiou ningunha actividade no centro de referencia, nin á indicada empresa, antes da sinatura do contrato de xestión de prazas destinadas á atención residencial da discapacidade física.

A Xunta de Galicia non tiña preferencia por entidades con ou sen ánimo de lucro. Ata que se puxeron en marcha as prazas concertadas de atención residencial a persoas con discapacidade física de Bóveda, non existía na nosa Comunidade Autónoma ningún servizo público desta natureza, nin en centros propios nin a través de concertos con entidades privadas, nin sequera no ámbito asociativo. A isto había que sumar a falta de recursos tamén no ámbito privado, o que estaba a provocar que o colectivo de referencia se atopase nunha situación na que lle resultaba practicamente imposible atopar apoios e atención ás súas necesidades.

O número de persoas diagnosticadas en Galicia con discapacidade física supera as 150.000 persoas. Por outra banda, cando se decidiu poñer en marcha esta contratación, a porcentaxe

de persoas que solicitaron recoñecemento de dependencia e que estaban á espera de asignación de recurso público, representaba preto dun 30% do total, fronte a outros colectivos de discapacidade nos que a porcentaxe de espera era notablemente inferior ou inexistente. En calquera caso, ese 30% de casos (que era o máis alto dentro dos colectivos de discapacidade), tiña, antes de por en marcha este centro, nulas posibilidades de que a Administración lles outorgase un recurso público residencial, dado que, como queda exposto, non existía. Isto motivou a necesidade de afrontar a posta en marcha dun recurso axeitado e, por suposto, acudiuse ao marco legal que rexe en materia de contratación pública.

A razón de ser do procedemento empregado atopámola no artigo 172 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que establece que poderá acudirse ao procedemento negociado para adxudicar contratos de xestión de servizos públicos nos seguintes casos: ... a) Cando se trate de servizos públicos respecto dos cales non sexa posible promover concorrencia na oferta.

Consultado o Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, a única entidade da Comunidade Autónoma que, contaba cun centro residencial autorizado e apto para atender a persoas con discapacidade física gravemente afectadas era a entidade "Asistencia Integral Personalizada S.L.", da que constaba que cumpría os requisitos de prazas dispoñibles, axeitadas e suficientes para atender a este tipo de usuarios.

Polo tanto, non existían outros operadores, con ou sen ánimo de lucro, en condicións de realizar esta prestación de servizo e non era posible promover a concorrencia na licitación, polo que se iniciou o procedemento indicado e cursouse unha invitación a esta entidade para presentar oferta, cousa que fixo.

A parte que aporta a Consellería de Traballo e Benestar son 10,1 millóns que se destinarán ao mantemento das prazas desde o ano 2012 ata o 2016."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

5 FEB. 2013

3155

galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1287**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“o rexeitamento pola Administración galega do proxecto de investimento da empresa Merkum para a produción dun autobús eléctrico, así como sobre as condicións que pode ofrecer para competir con outros territorios na captación de novos proxectos empresariais”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón, especialmente a través do Igape, dun amplo marco de servizos para facilitar a localización do solo industrial idóneo, e dun completo marco de apoios co que pode contar calquera proxecto empresarial viable que decida implantarse na comunidade. O instituto adscrito á Consellería de Economía e Industria ofrece tamén servizos de acompañamento para a localización de aliados, se é o caso, e fai un seguimento dos procesos de implantación en Galicia de novos proxectos empresariais viables, sexan promovidos por grupos estranxeiros, ou doutros lugares de España.


O Goberno galego dispón dun amplo e variado marco de apoios, principalmente subvencións a fondo perdido, préstamos ou participación en capital de novas sociedades que impulsen novos investimentos empresariais, sexan promovidos por grupos foráneos ou por empresarios galegos que amplían ou diversifican as súas actividades.

No Igape, o organismo idóneo para apoiar á empresa, non se recibiu ningún proxecto da empresa Merkum referido á fabricación dun autobús eléctrico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'G. Ordóñez', is written over a faint, circular official stamp or watermark.

Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1296**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar, sobre **“os datos referidos ao orzamento destinado e os investimentos realizados polo Goberno galego nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012 en materia de cooperación ao desenvolvemento, para a posta en marcha de proxectos de acción humanitaria e emerxencia e, en particular, para atender a fame que está a padecer o Corno de África, así como o cumprimento dos compromisos e obxectivos fixados neste eido”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia AdministracIóns Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O orzamento total executado para accións humanitarias e de emerxencia no período 2009-2012 ascendeu a un total de 1.832.155,40 euros. En concreto, no exercicio 2009 foi de 459.000 euros. En no exercicio 2012 incrementouse ata os 470.591,40 euros.

No período 2010-2011, o importe ascende a 902.564 euros, como consecuencia, en parte, do uso dos fondos de reserva fundacional da Axencia Humanitaria de Galicia. En efecto, na pasada lexislatura abordouse a extinción e liquidación da referida entidade, que se caracterizaba por un baixo nivel de execución orzamentaria.

Pola súa banda, nos anos 2011 e 2012 as axudas canalizadas mediante convocatorias públicas supuxeron no seu conxunto máis do 70% do total das partidas dedicadas á cooperación ao desenvolvemento. Apostouse, así, por priorizar as convocatorias de concorrencia competitiva fronte ás actuacións financiadas vía convenio de colaboración. A meirande parte das axudas canalizadas por convocatorias públicas están dirixidas exclusivamente a ONGD.

No seu conxunto, o orzamento total executado para proxectos das ONGD tanto no que atinxe a intervencións no exterior como a actuacións en Galicia, ascende, no período 2009-

2012, a 23.048.136,32 euros. De acordo coas dispoñibilidades orzamentarias en cada un dos catro exercicios e cos esforzos que a Xunta de Galicia está a realizar para cumprir cos obxectivos de déficit e de consolidación fiscal, os créditos executados foron máis reducidos nos exercicios 2011-2012, con respecto aos de 2009 e 2010.

Ao respecto da crise humanitaria do Corno de África, cómpre indicar que a Xunta de Galicia puxo en marcha distintos operativos de resposta.

Así, no marco do convenio asinado coa ONGD Farmamundi deuse cobertura:

- A dúas intervencións de emerxencia para atender á poboación somalí refuxiada nun campo de refuxiados/as, coordinado por ACNUR e UNICEF, na localidade de Dabaad, en Kenya.
- En 2012, en resposta ao chamamento internacional realizado por Nacións Unidas, pola emerxencia alimentaria no Sahel, a Xunta de Galicia achegou fondos para esta nova crise humanitaria, cunha nova intervención en Mali.

Finalmente, ao abeiro da convocatoria aberta e permanente concedeuse á organización Médicos do Mundo unha subvención para o proxecto 'Prevención, cribaxe, e tratamento dos casos de malnutrición na rexión do Sahel, Burkina Faso'.

No seu conxunto, estes operativos supuxeron unha achega económica autonómica de 65.423 €.

O Goberno galego está a executar o II Plan Director da Cooperación Galega, que recolle moitos dos compromisos contemplados no Pacto contra a Pobreza. De tal forma, o Goberno está a cumprir coas orientacións do mesmo, tendo en conta que moitos dos seus obxectivos son orientacións estratéxicas a desenvolver nun horizonte temporal de medio e longo prazo.



O referente central do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013 é o desafío que comporta a realización plena dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), auténtica axenda concertada a escala internacional en materia de desenvolvemento.

O II Plan director está a favorecer unha maior eficacia da cooperación galega nun marco de máximo aproveitamento dos recursos actualmente dispoñibles e de coherencia na execución das accións para garantir o cumprimento dos seus obxectivos, resultados e indicadores.

Este II Plan director da Cooperación Galega 2010-2013 foi aprobado por unanimidade dos tres grupos políticos representados no Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010.


Cómpre indicar que, ademais da elaboración do novo Plan Anual 2013, no presente exercicio iníciárase o deseño dun novo ciclo de planificación que culminará na aprobación do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias




Gonzalo José Ordóñez Puime




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións



galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1297**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar, sobre **“os datos referidos ás sancións impostas dende a entrada en vigor da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre recordar, en primeiro lugar, que a competencia sancionadora que establece a Lei 11/2010 de prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade vén recollida no seu artigo 30, correspondéndolle a catro órganos ou instancias, segundo o especificado no seu punto 1.

Artigo 30º.-Competencia sancionadora.

1. Con carácter xeral, a competencia para a imposición de sancións corresponderá aos seguintes órganos:

- a) Aos alcaldes, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves e graves nos seus graos mínimo e medio, así como a suspensión de calquera tipo de axuda ou subvención de carácter financeiro que o particular ou a entidade infractora obtivesen ou solicitasen do concello, ou a revogación das autorizacións municipais concedidas.
- b) Aos xefes territoriais das consellerías con competencias na materia, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves no seu grao máximo.
- c) Aos titulares dos órganos superiores ou directivos das consellerías con competencias, de conformidade co que establezan os correspondentes decretos de estrutura orgánica, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves no seu grao mínimo.
- d) Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia:
 - i. Impoñer as sancións previstas pola comisión de infraccións moi graves nos seus graos medio e máximo.
 - ii. Acordar o peche temporal, por un prazo máximo de cinco anos, do establecemento, instalación ou servizo infractor.
 - iii. Así mesmo, poderá impoñer a sanción complementaria de supresión, cancelación ou suspensión de calquera tipo de axuda ou subvención de carácter financeiro que o particular ou a entidade infractora obtivesen ou solicitasen da Administración pública galega.

2. Por razón da materia, a competencia sancionadora, no marco da Xunta de Galicia, corresponderá aos seguintes órganos:

- a) Á consellería responsable en materia sanitaria, as correspondentes aos incumprimentos en materia de publicidade e promoción de bebidas alcohólicas dirixidas a menores de idade nos medios de comunicación e por teléfono ou internet.
- b) A consellería responsable en materia educativa, as correspondentes aos incumprimentos en materia de publicidade, promoción ou venda de bebidas alcohólicas nos centros docentes.
- c) Á consellería responsable en materia de benestar, as correspondentes aos incumprimentos en materia de publicidade, promoción ou venda de bebidas alcohólicas nos centros de menores baixo o seu ámbito competencial.

Do rexistro da actividade denunciadora recollida polas Xefaturas Territoriais provinciais da Consellería de Sanidade, despréndese que dende a posta en vigor da Lei 11/2012 de

prevención de BA en menores, se teñen rexistrado un total de **915 denuncias**, que contiñan en total **984 feitos denunciados**.

Ademais, durante o ano 2011 nos dous meses anteriores (xaneiro e febreiro de 2011) á entrada en vigor da Lei 11/2012, foron tamén instruídos DOUS expedientes en base a dúas denuncias por venda de bebidas alcohólicas de máis de 18º a dous menores de 18 anos, tipificadas na Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre Drogas, vixente neses meses, que deron lugar a imposición de dúas sancións GRAVES.

De acordo co ata aquí exposto e, en base á nova Lei 11/2010 e aos artigos citados, todos os feitos denunciados clasificados como LEVES en calquera grao e todos os GRAVES nos graos mínimo e medio, é o concello no que se cometeu o feito denunciado o órgano sancionador competente para imponer as correspondentes sancións e contías, motivo polo que a meirande parte das denuncias recibidas nas Xefaturas Territoriais de Sanidade foron remitidas de oficio aos concellos de orixe.

Por isto, só en tres casos, foron incoados en Xefaturas Territoriais expedientes por infraccións tipificadas como GRAVES

As causas tipificadas por artigos infrinxidos son as/os que se mencionan na seguintes táboa:

PRINCIPAIS CAUSAS DOS FEITOS DENUNCIADOS (ARTIGOS INFRINXIDOS)	Nº	(%)
Artigo 12.1: Consumo bebidas alcohólicas por menores	345	35,06
Artigo 12.2: Venda ou subministración de bebidas alcohólicas (BA) a menores	103	10,47
Artigo 14.1: Non sinalización de prohibición de venda e consumo de BA a menores	384	39,02
Artigo 15.12: Promoción do consumo abusivo de BA : rebaixa prezos no interior de locais autorizados para o consumo e venda de BA	52	5,28
Artigo 15.13: Venda de BA fóra de horario autorizado	21	2,13
Artigo 15.5.f: Publicidade de BA en cubertas exteriores de folletos de publicidade de BA	32	3,25
Artigo 16.1: Permitir a entrada de menores a locais con limitacións para eles (discotecas, pubs etc..)	46	4,67
Artigo 22.5: Obstrución labor inspectora (non colaboración nin información)	1	0,10
TOTAL	984	100,00



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

Sobre por que contías se impuxeron estas sancións (en función das causas). Por cada un dos DOUS expedientes cualificados como GRAVES segundo a aplicación da Lei 2/1996 do, 8 de maio, de Galicia sobre Drogas: 3.006,00 €.

O terceiro expediente derivado da aplicación da Lei 11/2010 de prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade, á data de realización do presente informe aínda está en fase de instrución.

En relación a cal é o monto recadado pola aplicación estatal desta Lei, ata o de agora pola Consellería de Sanidade 6.012 €. Descoñecemos as contías impostas polos concellos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1333**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“o número de empresas e persoas afectadas polos expedientes de regulación de emprego nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, as medidas adoptadas polo Goberno galego ao respecto, así como as previstas a través do Igape e do Plan Ferrol”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A principal medida para o estímulo do emprego é o compromiso de manter as axudas ao investimento nestas comarcas establecendo para a súa concesión criterios específicos que benefician aos proxectos investidores destinados ás mesmas. Debemos destacar as seguintes liñas de axudas que priorizan ás comarcas de Ferrolterra:

- Programa REINDUS do MITYC, que mantén as súas condicións de financiamento con 45’7 M€ para o ano 2013
- Liñas de axuda do IGAPE: Nas mesmas priorízase a localización dos proxectos nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal: increméntase a porcentaxe das axudas, redúcese o investimento mínimo para acollerse a elas, e garántese unha porcentaxe sobre o total investido. Dentro destas liñas hase de salientar unha específica para estas comarcas, Re-Inviste Ferrol, destinada ás pemes dos sectores de hostalería, comercio, turismo e servizos que promovan investimentos nestas comarcas.
- Fondo Xes-Impulsa Ferrol: Trátase dun fondo de capital-risco específico que pretende desenvolver e consolidar o tecido empresarial e a creación de emprego.

En canto ao sector naval e, despois de anos de parálise, o peche do acordo de colaboración con Pemex para establecer unha alianza estratéxica permitirá a construción de dous floteis e a posibilidade de ampliar esta colaboración. A firma de senllos contratos co estaleiro privado



Barreras e co estaleiro público Navantia, para a construción de barcos suporá un investimento de 290 millóns de euros e permitirá dotar de carga de traballo ás dúas factorías.

O porto exterior e o compromiso co seu desenvolvemento é tamén un dos piares para a creación de emprego. O pasado ano 2012 superou os 13 millóns de toneladas, sendo o segundo de maior crecemento en España. Ademais deste crecemento continuado e sostido as súas actividades estanse a diversificar e, recentemente, outra actividade dentro desta diversificación que colleu gran pulo nese ano foi a inclusión do porto ferrolán na rede cruceirística europea .

Polo que respecta á formación para o emprego, a Consellería de Traballo e Benestar continuará impartindo nas comarcas un amplo abano de accións formativas dirixidas tanto a persoas desempregadas como a traballadores ocupados que xa ten beneficiado a un elevado número de persoas. Destacamos entre estes programas pola súa especificidade ‘Empreganav’, orientado a reinserción laboral de traballadores do sector naval. Canto ás políticas activas de emprego, continuarase coas iniciativas de escolas obradoiro, programas de cooperación con entidades locais, medidas de apoio á contratación, aos emprendedores e ao traballo autónomo.”


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Gonzalo José Ordóñez Puime', written over a circular stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1369**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e dona Beatriz Sestayo Doce, sobre **“as iniciativas que vai adoptar o Goberno galego diante do Ministerio de Industria para garantir a viabilidade das plantas de biocombustible galegas e as que está a impulsar para introducir biocombustible de segunda xeración, así como a súa valoración do futuro destes carburantes en Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Entre as iniciativas de apoio as plantas de biodiesel galegas realizadas desde a Consellería de Economía e Industria cabe salientar:

1. Celebráronse varias reunións en Madrid entre o director xeral de Industria, Enerxía e Minas e o director xeneral de Política Enerxética y Minas, nas que se fixo unha exposición da problemática asociada as plantas galegas como consecuencia da importación de biodiesel de terceiros países e formuláronse alegacións, defendendo a produción das plantas galegas.
2. Así mesmo, contestáronse no período de alegacións todas as propostas normativas que se promoven desde o Goberno do Estado.
3. Fixéronse xestións coa refinería de Repsol na Coruña para promocionar a utilización do biodiesel fabricado en plantas galegas.
4. Na Orde IET/2736/2012, do 20 de decembro, dise que a asignación anual de produción de biodiesel para o cómputo do cumprimento das obrigacións de biocombustibles é independente da ubicación xeográfica das plantas de biodiesel. Por este motivo, vanse manter novas reunións coa Secretaría de Estado de Enerxía para

solicitar que á hora de adxudicar cantidades de produción de biodiesel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, se teñan en conta unha serie de indicadores obxectivos que eviten calquera tipo de discrecionalidade. En concreto, se debería dar prioridade, entre outros, a criterios como a seguridade da subministración, a trazabilidade do produto ou a reciclaxe de residuos locais para xerar biocarburantes.

5. Posto que a produción destas fábricas compite nun mercado global sometido ás leis da oferta e da demanda, a Xunta de Galicia velará para que estas empresas podan acceder aos mercados nunhas condición de xusta competencia.

Entre as iniciativas que impulsa a Consellería de Economía e Industria para impulsar os biocombustibles de segunda xeración cabe salientarse:

1. A participación a través do Inega no proxecto EnerBioAlgae, dentro do ámbito do Programa Operativo de Cooperación Territorial do Suroeste Europeo (SUDOE) 2007-2013. O orzamento do proxecto ascende a 666.731,99 euros, os cales se financian nun 75% mediante achegas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o 25% restante mediante contribucións dos socios. En concreto, o orzamento do Inega acada os 153.335 euros.

O EnerBioalgae trata de analizar as posibilidades de aproveitamento enerxético de biomasa en recursos hídricos degradados aptos para cultivar microalgas coas que producir biocombustibles.

Este proxecto botou a andar en maio de 2011 e está prevista a súa finalización en abril de 2013. Desde xullo de 2012 estase a facer o seguimento da produción de microalgas nun biorreactor tipo race-way de 160 m² instalado na EDAR de Guillarei en Tui. Este biorreactor emprega a auga da depuradora para favorecer o crecemento das microalgas ao mesmo tempo que se diminúe a súa carga contaminante.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRADO XERAL ENTRADA

13 FEB. 2013

3692

galicia

2. Fomento da utilización da biocombustibles procedentes da primeira e segunda transformación da madeira para usos térmicos en edificios públicos (hospitais, centros de saúde, colexios, centros administrativos, ...) e no sector doméstico.
3. Apoio a iniciativas empresariais para a fabricación de combustibles biomásicos a partir de subprodutos da cadea monte-industria que substitúan aos combustibles derivados do petróleo, co obxectivo de reducir a nosa dependencia enerxética do exterior, mellorar a calidade ambiental e xerar unha actividade económica asociada á valorización da biomasa forestal residual que contribúa a xerar emprego no rural .

Existe unha partida de 200.000€ de axudas ao sector do transporte e de 400.000€ ao sector industrial nos que terían cabida este tipo de proxectos.

Ademais, a Xunta de Galicia seguirá participando, dentro das súas posibilidades económicas, en proxectos que traten de obter biocombustibles de segunda xeración a prezos competitivos, xa que o obxectivo da Unión Europea é que no ano 2020, o 5% do consumo no sector do transporte se realice mediante biocombustibles de segunda xeración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1447**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“os datos referidos aos gastos en publicidade e propaganda realizados durante o ano 2012 pola Secretaría Xeral de Cultura”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén realizando un investimento responsable e eficiente co obxectivo de dar a coñecer a través dos medios de comunicación galegos as iniciativas educativas, culturais e lingüísticas impulsadas polo departamento en beneficio da cidadanía.

No caso da Secretaría Xeral de Cultura, a finalidade deste investimento foi difundir entre a cidadanía os proxectos e liñas de traballo no ámbito cultural promovidos pola Administración autonómica e favorecer, deste xeito, o acceso e participación dos galegos e das galegas nunha oferta cultural diversa e de calidade.

Con este obxectivo difundíronse diversas efemérides literarias de especial interese para a nosa cultura. Foi o caso das actuacións realizadas arredor da vida e da obra Celso Emilio Ferreiro con motivo da celebración do ano do escritor –declarado como tal en 2011 polo Parlamento de Galicia–; das actividades promovidas pola Xunta para conmemorar o Día das Letras Galegas 2012, dedicado a Valentín Paz-Andrade; ou do Calendario do Libro e da Lectura 2013, unha iniciativa para contribuír á celebración das datas máis relevantes relacionadas co libro e coa lectura en Galicia.

Tamén se inseriron noutros soportes reportaxes relativas a outras efemérides culturais sinaladas, como o centenario do nacemento do artista Eugenio Granell; ao patrimonio


cultural de Galicia, co fin de poñer en valor espazos arquitectónicos e naturais, legado arqueolóxico, etcétera, de especial interese cultural nas catro provincias galegas; ou á difusión da creación musical galega e o recoñecemento dos seus autores de referencia.

Para dar a coñecer estas iniciativas promovidas a prol da nosa cultura a través dos principais grupos de comunicación de Galicia e difundir algunhas das principais actividades culturais en medios audiovisuais e publicacións de ámbito estatal, a Secretaría Xeral investiu un total de douscentos vinte e tres mil oitocentos euros durante o exercicio de 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The stamp contains some illegible text and a central emblem. The signature is fluid and extends across the right side of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1449**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“os datos referidos aos gastos en publicidade e propaganda realizados durante o ano 2012 pola Fundación Cidade da Cultura”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén realizando un investimento responsable e eficiente co obxectivo de dar a coñecer a través dos medios de comunicación galegos as iniciativas educativas, culturais e lingüísticas impulsadas polo departamento en beneficio da cidadanía.

No caso da Fundación Cidade da Cultura, a finalidade deste investimento consistiu basicamente na promoción xeral da Cidade da Cultura de Galicia como espazo cultural e polo de atracción turística e na difusión entre a cidadanía dos eventos institucionais que acolleu o complexo e das actividades organizadas no marco do Programa Cultural 2012.


As campañas de difusión abrangueron actividades culturais como exposicións, festivais, xornadas, encontros, visitas, conferencias ou ciclos de concertos, tales como II Encontro de Artistas Novos ‘Cidade da Cultura de Galicia’, o II Foro Internacional de Espazos para a Cultura (FIEC), a programación anual de obradoiros infantís, o Festival solidario ‘Cancións por regalos 2012’, o I Encontro de Economía e Cultura, o Curso de Creatividade e Empresa ou o ciclo de música ‘Os seráns do TAC’, entre outros moitos.

Para dar a coñecer estas iniciativas promovidas a prol da nosa cultura empregáronse diversos soportes como insertos en medios escritos, cuñas radiofónicas, publicidade online, publicidade exterior e televisións locais, investindo a Fundación Cidade da Cultura de Galicia un total de cincocentos oitenta e tres mil euros durante o exercicio de 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp contains a central emblem, likely the coat of arms of Galicia, surrounded by text that is partially obscured by the signature. The signature is fluid and cursive, extending across the right side of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

3430

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1453**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **“o estado de tramitación da solicitude presentada por unha empresa canadense para a apertura dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños, e a actuación do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Mineira de Corcoesto, S. L. ” presentou o proxecto de explotación da mina de ouro e solicitou a súa tramitación como proxecto industrial estratéxico ao abeiro da Lei de política industrial de Galicia. A solicitude foi admitida a trámite pola Consellería de Economía e Industria ao constatar que o proxecto reunía os requisitos esixidos para a devandita tramitación (creación de máis de 250 postos de traballo e un investimento superior a 100 millóns de euros) e que ía acompañado pola documentación formal esixida pola lexislación para a súa tramitación. A continuación abriuse un período de información pública por un prazo de 30 días hábiles e, simultaneamente, solicitáronse informes ás distintas administracións públicas para pronunciarse sobre as diferentes materias da súa competencia, en particular, aos concellos nos que está situado o proxecto e aos órganos ambiental, urbanístico e agrario da Comunidade Autónoma, cuxos informes son preceptivos e determinantes. Tras a emisión por parte do órgano ambiental do ditame que declara ao proxecto mineiro ambientalmente viable, estanse a estudar e valorar as alegacións e achegas cidadás (de contido non ambiental) formuladas no procedemento, e os informes recibidos, para proceder a redactar a correspondente proposta de resolución. Todo iso pon de manifesto que o Goberno de Galicia actúa con responsabilidade plena e con total transparencia, fomentando a participación cidadá para garantir a protección ambiental, paisaxística, patrimonial e dos demais bens xurídicos en xogo (sen abreviar trámites e cumprindo estrictamente os prazos legalmente establecidos), na súa obriga de dinamizar a economía para xerar emprego e riqueza e xestionar, con plena eficiencia e sostibilidade, os recursos minerais escasos e cuxo ciclo produtivo se pecha en Galicia.


En canto ao interese que pode suscitar o proxecto para o Goberno galego, non é outro que o de calquera proxecto que poida reportar un beneficio para a nosa comunidade. Obviamente, un proxecto como este, que pode xerar durante a súa vida 271 empregos directos na actividade (138 propios máis 143 subcontratados), tal como declara Mineira de Corcoesto no seu proxecto de explotación, e 1100 indirectos (como tamén manifesta Mineira de Corcoesto na documentación achegada e que se crearían como consecuencia da diversificación da estrutura económica que require a zona para a posta en marcha e o bo funcionamento da mina) considérase, polo menos, susceptible de admitir a trámite para valorar se a xestión do proxecto, incluída a ambiental e social deste, se corresponde coa doutros tempos e outras latitudes (que carecen de lexislación nesas materias e, en consecuencia, efectivamente supoñería a espoliación dos recursos en contra dos intereses do país), ou, se pola contra, cumpre cos estándares de seguridade, de medio e de responsabilidade social legalmente establecidos.

Por último, sinalar que, á marxe da casualidade temporal producida entre a solicitude de Mineira de Corcoesto e a entrada en vigor da Lei de política industrial de Galicia, coincidencia que é constatable no expediente, a solicitude responde ás oportunidades que a devandita lei ofrece aos proxectos de investimento desa envergadura.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

galicia



5 FEB. 2013

RS/ms

3161

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1465**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“a solución prevista para os terreos expropiados para o proxecto sectorial da plataforma loxística e industrial Salvaterra-As Neves, PLISAN, tras a súa anulación polo Tribunal Supremo, así como o plan industrial que vai desenvolver a Consellería de Economía e Industria ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Plataforma Loxística de Salvaterra – As Neves (PLISAN) é un proxecto conxunto da Zona Franca de Vigo, a Autoridade Portuaria de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).


As decisións relativas á PLISAN tómanse de acordo entre as tres administracións, pero debe terse en conta que a participación do IGVS na mesma é a menor das tres. O destino dos terreos aos que se refire a pregunta deberá ser determinado polos tres organismos actuantes, que, polo momento, non tomaron unha decisión ao respecto, estando en estudo as posibles opcións.

Esta plataforma loxística terá un papel primordial na estratexia de planificación industrial da Consellería de Economía e Industria que seguirá facendo un esforzo na súa potenciación, aprobando o Plan Director da Industria de Galicia, que conterá un Mapa industrial coas infraestruturas de apoio necesarias para o seu desenvolvemento onde plataformas loxísticas como a PLISAN destacarán tanto como nodos intermodais fundamentais como pola súa capacidade acolledora de empresas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'G. J. Ordóñez Puime', is written over a faint, circular official stamp or seal.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

5 FEB 2013

3159



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1470**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a actuación da dirección do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela en relación coa folga xeral convocada o 14 de novembro de 2012”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non temos constancia da existencia da denuncia que mencionan. O pasado día 14 de novembro non se realizou ningunha actividade extraordinaria de tarde no CHUS .

A nosa responsabilidade, e tamén prioridade, é atender aos pacientes coa mellor calidade e seguridade e respectar os seus dereitos da mesma forma que respectamos os de todos os traballadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1503**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para eliminar as barreiras arquitectónicas no Centro de Saúde de Panxón, no Concello de Nigrán, así como a data de inicio das obras do novo centro”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A tramitación da licitación do novo centro segue en marcha. A Resolución pola que se acorda facer público no DOG o anuncio indicativo do contrato de obra, e o propio anuncio, foron xa publicados. Mentres non dispoñamos das novas instalacións os pacientes son atendidos cos medios existentes, adaptándose no posible as súas necesidades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

3431

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1632**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e varios/as deputados/as máis, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da execución da mellora da seguridade viaria, nomeadamente a reparación do firme, da autovía AG-64, ao seu paso polo concello de San Sadurniño”**, (publicada no BOPG núm.: 26, do 4 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“No tronco da autovía, entre os p.k. 12-13 non se detectou a necesidade de mellorar a capa de rodadura. Porén, no p.k. 12 existe un enlace (San Sadurniño) onde si é precisa unha actuación que mellore as propiedades desta nos ramais do enlace, actuación que se está a planificar para a súa inclusión na campaña de 2013 e se levará a cabo cando as condicións meteorolóxicas o permitan.

En canto ao enlace da autovía AG-64 coa estrada AC-125, existen dúas conexións, unha no p.k. 16 e outra no p.k. 18. Na primeira está previsto actuar sobre a capa de rodadura entre os p.k. 16-17 do tronco da autovía en ambas calzadas; non hai constancia da existencia de problemas de seguridade viaria na conexión do p.k. 18.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

4 FEB. 2013

3144

galicia

CONSELERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 114

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1693**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don José Luis Méndez Romeu, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia do funcionamento da Rede de centros de orientación familiar, as previsións ao respecto, así como o futuro do Centro do Ventorrillo da Coruña”**, (publicada no BOPG núm.: 26, do 4 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención as mulleres da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña, en canto a súa planificación familiar, está garantida. Esta Xerencia está traballando cun grupo multidisciplinar de profesionais na reorganización asistencial da actividade dos Centros de Orientación Familiar existentes en función dos recursos e dos profesionais para garantir a prestación asistencial en relación á anticoncepción dun xeito óptimo, cos axustes organizativos que puideran ser necesarios.

Os obxectivos que se perseguen son:


- Mellorar a accesibilidade á consulta de anticoncepción, fundamentalmente da poboación do medio rural e máis distante ao Concello da Coruña.
- Diminuír a variabilidade na prestación do servizo de anticoncepción coa mellora asociada da calidade asistencial.
- Mellorar a formación e coñecementos específicos da globalidade dos profesionais que desenvolvan o proceso asistencial.
- Mellorar a identificación da necesidade do inicio da anticoncepción contribuíndo á diminución dos embarazos non desexados e á mellora na información e orientación ás mulleres en idade fértil.

Ampliación das actividades grupais de educación sanitaria en anticoncepción a todos os Centros de Saúde nos que se conte con matrona, de xeito que se vería beneficiada a totalidade da poboación en idade fértil da Área Sanitaria da Coruña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo', written over a faint circular stamp or seal.

Gonzalo José Ordóñez Puime




PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

RS/ms

4 FEB. 2013

3143



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1774**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto do mantemento e reforzo do Centro de Orientación Familiar do Ventorrillo, na Coruña”**, (publicada no BOPG núm.: 27, do 7 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención as mulleres da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, en canto a súa planificación familiar, está garantida. Esta Xerencia está traballando cun grupo multidisciplinar de profesionais na reorganización asistencial da actividade dos Centros de Orientación Familiar existentes en función dos recursos e dos profesionais para garantir a prestación asistencial en relación á anticoncepción dun xeito óptimo, cos axustes organizativos que puideran ser necesarios.

Os obxectivos que se perseguen son:


- Mellorar a accesibilidade á consulta de anticoncepción, fundamentalmente da poboación do medio rural e máis distante ao Concello da Coruña.
- Diminuír a variabilidade na prestación do servizo de anticoncepción coa mellora asociada da calidade asistencial.
- Mellorar a formación e coñecementos específicos da globalidade dos profesionais que desenvolvan o proceso asistencial.
- Mellorar a identificación da necesidade do inicio da anticoncepción contribuíndo á diminución dos embarazos non desexados e á mellora na información e orientación ás mulleres en idade fértil.

Ampliación das actividades grupais de educación sanitaria en anticoncepción a todos os Centros de Saúde nos que se conte con matrona, de xeito que se vería beneficiada a totalidade da poboación en idade fértil da Área Sanitaria da Coruña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS



RS/ms

4 FEB. 2013

3158

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1782**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e varios/as deputados/as máis, sobre **“o despedimento de traballadores da empresa chinesa Daoxing Spain, S.L. instalada no polígono de Penapurreira, no concello das Pontes de García Rodríguez, as axudas concedidas pola Administración galega e as obrigas en materia de emprego contraídas pola empresa, así como as actuacións do Goberno galego para o mantemento do emprego nela”**, (publicada no BOPG núm.: 27, do 7 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón, especialmente a través do Igape, dun amplo marco de servizos para facilitar, a potenciais investidores estranxeiros ou doutros lugares de España, a localización do solo industrial idóneo, e dispón igualmente dun completo marco de apoios ao que pode ampararse un proxecto empresarial viable; un marco de apoios de especial intensidade en territorios que contan con condicións especiais para a promoción de novos investimentos, como é o caso das comarcas de Ferrolterra, ao amparo do Plan Ferrol, Eume e Ortegál.

A empresa Daxiong Spain decidiu implantarse nas Pontes e para apoiar o seu investimento está a contar con apoio do Goberno central, con préstamos concedidos a través do Plan Reindus, e da Xunta de Galicia, que concedeu a través da liña de apoio para grandes investimentos empresariais unha subvención a fondo perdido.

A empresa pediu ampliación do prazo para a execución dos investimentos previstos na nova planta industrial, que lle foi concedido e que remata o próximo 30 de xuño de 2013. Unha vez que remate o prazo de execución, a empresa poderá solicitar o pagamento da


subvención concedida, que poderá percibir unha vez quede comprobada a execución dos investimentos programados e a creación do emprego previsto no proxecto aprobado.

O Ministerio de Industria, pola súa banda, ocúpase de vixiar o cumprimento dos requisitos de concesión dos préstamos Reindus, incluído o emprego medio esixido para obter ese apoio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo', is written over a faint, circular official stamp or seal.

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1813**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a construción dos 15 novos centros de saúde comprometidos na campaña electoral”**, (publicada no BOPG núm.: 27, do 7 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de saúde vanse licitar de forma individual, con plans funcionais adaptados ás necesidades asistenciais actuais e as previsións para o futuro, sempre nun marco de xestión eficiente e rigorosa . O custe coñecerase no momento de adxudicación de cada licitación. O financiamento realizarase con fodos FEDER, AGADER e fondo propios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 1815**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a construción do novo centro de saúde de Panxón”**, (publicada no BOPG núm.: 27, do 7 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A tramitación da licitación do novo centro segue en marcha. A Resolución pola que se acorda facer público no DOG o anuncio indicativo do contrato de obra, e o propio anuncio, foron xa publicados. Mentras non dispoñamos das novas instalacións os pacientes son atendidos cos medios existentes, adaptándose no posible as súas necesidades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PRO XERAL ENTRADA

29 XAN. 2013

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 XAN. 2013
S A I D A
Num. 53

galicia

RS/ms

2627

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 505**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **“as razóns dos problemas no abastecemento de vacinas contra a gripe que se están a producir na campaña de 2012”**, (publicada no BOPG nº 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Española de Medicamentos e Productos Sanitarios emitiu unha alerta farmacéutica e inmovilizou cautelarmente doses das vacinas antigripais adquiridas para a campaña deste ano. Para facilitar o axeitado desenvolvemento da campaña substituíronse as vacinas que foran inmovilizadas e ampliouse a duración da campaña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia 11111



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

2634

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 514**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“a situación do servizo de comedor nos centros públicos de ensino do concello de Oleiros e, nomeadamente, no Colexio de Educación Infantil e Primaria da Rabadeira”**, (publicada no BOPG nº 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que a Consellería, conforme coa legalidade vixente, concedeu a correspondente praza de comedor a todos/as os/as alumnos/as desde centro que o reclamaron e que tiñan dereito á mesma. As normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus pais.

Así todos/as os/as alumnos/as que utilizan o comedor escolar deste centro de Oleiros son usuario/as de pleno dereito. Para isto, non houbo que adoptar ningunha medida especial, simplemente houbo que aplicar a normativa, concretada para a situación orzamentaria existente no actual curso 2012-2013 pola Instrución 1/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, tal e como se esixe regulamentariamente.

En materia de comedores escolares, de acordo coa normativa autonómica vixente e en función dunha planificación previa a cada inicio de curso, corresponde á Administración educativa autorizar o número de prazas que pode ofertar cada centro educativo, sempre garantindo que haberá marxe para atender aqueles casos derivados do resultado da formalización de matrícula e/ou da chegada de novo alumando que con posterioridade.

Neste punto, hai que lembrar que, no suposto de existiren máis peticións de admisión que prazas autorizadas, a normativa prevé unha orde de prelación no acceso ao comedor. Ao respecto, hai que sinalar que, no caso que nos ocupa, esta orde de prelación cumpríuse

escrupulosamente, xa que as normas xurídicas están por enriba de decisións de pura xestión interna, como é o caso da fixación de prazos de petición de admisión fixadas polo centro escolar.

As prazas autorizadas pola Administración educativa non se determinan en función do aforo do local, senón en función da capacidade, certa e concretada a cada curso escolar, de poder asumir os custes derivados do mantemento e desenvolvemento das mesmas. Así mesmo, as normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus proxenitores.

Por outra parte, hai que por de manifesto que o Consello Escolar de cada centro de ensino é o órgano competente para a adxudicación das prazas do comedor en primeira instancia, pero que as súas decisións non esgotan a vía administrativa e son susceptibles de revisión pola Administración educativa, mediante recurso de alzada a resolver pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda.

Esta situación produciuse, nun primeiro momento, a partir da presentación dun recurso de alzada polos pais do neno excluído do comedor do CEIP de A Rabadeira e, en datas posteriores, tamén se recibiron outros dous recursos de alzada e seis reclamacións, que foron paulatinamente respondidas.

Os recursos contra o proceso de admisión ao comedor desenvolvido polo Consello Escolar do centro foron interpostos e resoltos de conformidade cos requirimentos ao respecto esixidos pola vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así pois, a partir da revisión orixinada polas reclamacións, a Consellería creou as prazas requiridas trala resolución favorable de dous recursos de alzada e catro reclamacións formuladas por pais cuxos fillos son transportados lexítimos e, polo tanto, de acordo coa normativa de aplicación, usuarios preferentes do comedor escolar, con independencia do prazo interno de xestión fixado polo centro escolar para a recepción das solicitudes de admisión. E tamén foi atendido outro recurso de alzada interposto polo pai dun alumno, cuxa



solicitud de admisión foi enviada por FAX sen que o Consello Escolar de A Rabadeira a considerara no seu momento.

A creación destas prazas realizouse como consecuencia da decisión da Consellería de facer o esforzo económico de aumentar o número máximo de comensais autorizados naqueles centros educativos galegos nos que, de acordo co previsto na normativa en vigor, houbera que atender casos de usuarios lexítimos de transporte escolar como usuarios preferentes de comedor.

Por último, sinalar que o Consello Escolar presentou a súa dimisión poucos días antes da súa obrigada renovación por metade prevista regulamentariamente. De inmediato constituíuse un novo Consello Escolar, trala elección dos seus membros elixibles e o correspondente nomeamento dos que son designados pola Consellería, co que en ningún momento, dada a celeridade do proceso acometido, houbo baleiro de poder no centro e non se viu afectado o normal e axeitado desenvolvemento das súas actividades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O Director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 529**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantirle á toda a cidadanía galega, con independencia do nivel de renda, o exercicio do dereito de defensa dos seus intereses diante dos tribunais de xustiza”**, (publicada no BOPG nº 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería da Presidencia Administracóns Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre sinalar que a regulación das taxas polo exercicio da potestade xurisdiccional é competencia exclusiva do Estado, ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.5º, 6º e 14º da Constitución Española.

Neste marco as Cortes Xerais veñen de aprobar a Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulamentan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, xa en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial do Estado o pasado 21 de novembro de 2012.

A referida norma estatal amplía o ámbito subxectivo e obxectivo das taxas xudiciais regulamentadas no seu día pola Lei 53/2002, do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social. E forma parte dun conxunto de reformas estruturais impulsadas polo Goberno de España para modernizar o sistema xudicial no seu conxunto.

Segundo ten indicado o Ministerio de Xustiza, a lei persegue reducir os niveis de litixiosidade, con mecanismos para evitar un uso desproporcionado da xustiza, baixo pautas de responsabilidade social, axilidade e máxima eficacia no funcionamento da xustiza.

Esta reivindicación é compartida dende hai anos por múltiples operadores xudiciais e tamén foi defendida polo anterior executivo central no seu proxecto de Lei de Medidas de Axilización Procesual, cuxa exposición de motivos sinalaba *'O aumento da litixiosidade é indicativo da confianza que os cidadáns depositan na xustiza, pero pon de manifesto a necesidade de introducir profundas reformas para asegurar a sostibilidade do sistema e garantir un servizo público de calidade'*. O devandito proxecto establecía, entre outras, medidas para restrinxir as posibilidades de recurso e revisión, impondo ademais novas vías de recadación de ingresos.

En efecto, o artigo 119 da Constitución Española establece que *'a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar'*.

Precisamente, un dos obxectivos centrais da reforma é contribuír ao financiamento do servizo de xustiza gratuíta, que en 2011 atendeu a máis de dous millóns de persoas no conxunto do territorio nacional e que ten experimentado un progresivo incremento no volume de recursos necesarios para a súa cobertura.

A Lei de Taxas non prevé o pago de ningunha taxa na vía penal e conta con varias exencións nos procesos civís: os procesos de capacidade, filiación e menores, así como os de garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos. Ademais, quedarán exentas de pago todas aquelas persoas que acrediten dispor de escasos recursos económicos.

As vítimas de violencia de xénero e de maltrato infantil non só quedarán exentas do pago de calquera taxa senón que, ademais, pasarán a ser beneficiarias directas da quenda de oficio, polo que tampouco asumirán custo algún polo servizo de avogado/a e procurador/a.


Cómpre sinalar que o sistema prevé a recuperación do pagado coas taxas se os tribunais acaban dando a razón a quen iniciou o procedemento, porque estarán incluídas na correspondente taxación en costas. É dicir, a taxa será reintegrable xa que no suposto de sentenza favorable será devolta e, polo tanto, será o litigante ao que a xustiza non lle dea a razón quen finalmente teña a obriga do seu pagamento.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



galicia

Por último, e a pesares de que a lexislación establece a posibilidade para as Comunidades Autónomas de establecer taxas complementarias polo uso dos medios materiais de titularidade autonómica, a Xunta de Galicia non prevé iniciativa algunha ao respecto, como sí o están a facer outras comunidades como Cataluña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

31 XAN. 2013

2775



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 549**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización definitiva dos dous edificios pendentes de construción na Cidade da Cultura”**, (publicada no BOPG nº 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a implantar na Cidade da Cultura de Galicia un modelo de xestión baseado no aforro de recursos, no aproveitamento de espazos para maximizar a rendibilidade do complexo e na posta en marcha dunha programación cultural diversa e de calidade.


Ao abeiro do anterior, a Xunta de Galicia -de acordo coa actual situación económica e co obxectivo marcado de avanzar nun programa de control de gasto e xestión eficiente de recursos na Cidade da Cultura que faga do complexo do Gaiás unha infraestrutura sostible- deixou xa clara a súa decisión de acordar a suspensión temporal das obras nos dous edificios pendentes de construción -o Centro da Música e das Artes Escénicas e o Centro de Arte Internacional-; suspensión que permitiu un aforro de 77 millóns de euros.

Afondando nestes mesmos obxectivos de optimización dos espazos e recursos dispoñibles, a Xunta de Galicia decidiu trasladar ao Gaiás a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Axencia Galega das Industrias Culturais e os servizos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. O resultado foi un aforro non só en alugueiros, senón tamén nos gastos da Xunta en enerxía eléctrica, gas, limpeza, mantemento e vixilancia, sumados á localización no Gaiás do Centro de Proceso de Datos Integral, que permitirá un aforro anual estimado de 3 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2013



O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 573**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as razóns do Goberno galego para non realizar ningunha actuación diante do Goberno central co fin de anular os artigos 27 e 28 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade”**, (publicada no BOPG número 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O comercio ten efectivamente unha importancia fundamental para o desenvolvemento das nosas vilas e cidades contribuindo a mellorar a súa imaxe, favorecendo a seguridade das nosas rúas e potenciando o seu atractivo, a afluencia de visitantes e, en definitiva, o seu dinamismo. O seu papel, no marco da economía galega está fora de toda dúbida. Os comerciantes galegos melloran a economía cotiá das nosas vilas e cidades.

Por todo isto, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha estratexia de axuda á dinamización do comercio de Galicia articulado por primeira vez en torno a un Plan estratéxico, o Plan Agora, que estableceu medidas para incentivar o consumo e potenciar a actividade empresarial e comercial. O Plan Agora ven así desenvolvendo dende o ano 2009 diferentes liñas de actuación coa finalidade de impulsar o sector do pequeno comercio e mellorar a súa competitividade fronte a outros formatos comerciais cunha inversión que rolda os 92 millóns de euros dende o ano 2009.

A peculiar estruturación da xeografía da nosa Comunidade Autónoma nun entramado de comarcas inflúe no modelo comercial perfilado no noso territorio, caracterizado por unha presenza da pequena e mediana empresa comercial nas chamadas cabeceiras de comarca que abastecen e dan servizo á poboación con independencia da dispersión presente nos seus asentamentos e ubicación.

O modelo comercial galego presenta así unhas características propias baseadas na dispersión dos asentamentos no territorio e na estrutura comarcal.

O contido do Real Decreto-lei 20/2012, está fundamentado en recomendacións reiteradas de organismos internacionais como o Fondo Monetario Internacional e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos que buscan un incremento da competitividade ao tempo que perseguen melloras para as persoas consumidoras.

Mais estas decisións contidas no Real Decreto -lei 20/2012 precisan dunha adaptación ás peculiaridades do modelo comercial do noso territorio.

A situación económica que estamos a atravesar a nivel estatal, e que afecta dun modo transversal a todos os sectores produtivos, incide dunha maneira especialmente gravosa na actividade do tecido comercial.

Non obstante, a Xunta de Galicia, a través do Plan estratéxico posto en marcha dende a Consellería de Economía e Industria, está a apostar polo incremento da competitividade do sector comercial, prestando especial atención ao comercio de proximidade. Así, destináronse 92 millóns de euros a fortalecer as estruturas comerciais e realizar actuacións de dinamización do consumo.

O comercio galego conta con ferramentas para adaptarse aos tempos e posicionarse dun xeito competitivo fronte aos grandes formatos mediante o fortalecemento da proximidade, da calidade, da atención ao cliente e da exclusividade dos produtos e dos servizos ofrecidos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

2632

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número.: 587**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez y José Luis Méndez Romeu, sobre **“a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto dun recurso presentado por un alumno excluído do servizo de comedor do colexio da Rabadeira, no concello de Oleiros”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que a Consellería, conforme coa legalidade vixente, concedeu a correspondente praza de comedor a todos/as os/as alumnos/as desde centro que o reclamaron e que tiñan dereito á mesma. As normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus pais.

Así todos/as os/as alumnos/as que utilizan o comedor escolar deste centro de Oleiros son usuario/as de pleno dereito. Para isto, non houbo que adoptar ningunha medida especial, simplemente houbo que aplicar a normativa, concretada para a situación orzamentaria existente no actual curso 2012-2013 pola Instrución 1/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, tal e como se esixe regulamentariamente.

En materia de comedores escolares, de acordo coa normativa autonómica vixente e en función dunha planificación previa a cada inicio de curso, corresponde á Administración educativa autorizar o número de prazas que pode ofertar cada centro educativo, sempre garantindo que haberá marxe para atender aqueles casos derivados do resultado da formalización de matrícula e/ou da chegada de novo alumando que con posterioridade.

Neste punto, hai que lembrar que, no suposto de existiren máis peticións de admisión que prazas autorizadas, a normativa prevé unha orde de prelación no acceso ao comedor. Ao respecto, hai que sinalar que, no caso que nos ocupa, esta orde de prelación cumpriuse escrupulosamente, xa que as normas xurídicas están por enriba de decisións de pura xestión interna, como é o caso da fixación de prazos de petición de admisión fixadas polo centro escolar.

As prazas autorizadas pola Administración educativa non se determinan en función do aforo do local, senón en función da capacidade, certa e concretada a cada curso escolar, de poder asumir os custes derivados do mantemento e desenvolvemento das mesmas. Así mesmo, as normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus proxenitores.

Por outra parte, hai que por de manifesto que o Consello Escolar de cada centro de ensino é o órgano competente para a adxudicación das prazas do comedor en primeira instancia, pero que as súas decisións non esgotan a vía administrativa e son susceptibles de revisión pola Administración educativa, mediante recurso de alzada a resolver pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda.

Esta situación produciuse, nun primeiro momento, a partir da presentación dun recurso de alzada polos pais do neno excluído do comedor do CEIP de A Rabadeira e, en datas posteriores, tamén se recibiron outros dous recursos de alzada e seis reclamacións, que foron paulatinamente respondidas

Os recursos contra o proceso de admisión ao comedor desenvolvido polo Consello Escolar do centro foron interpostos e resoltos de conformidade cos requirimentos ao respecto esixidos pola vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así pois, a partir da revisión orixinada polas reclamacións, a Consellería creou as prazas requiridas trala resolución favorable de dous recursos de alzada e catro reclamacións formuladas por pais cuxos fillos son transportados lexítimos e, polo tanto, de acordo coa normativa de aplicación, usuarios preferentes do comedor escolar, con independencia do



prazo interno de xestión fixado polo centro escolar para a recepción das solicitudes de admisión. E tamén foi atendido outro recurso de alzada interposto polo pai dun alumno, cuxa solicitude de admisión foi enviada por FAX sen que o Consello Escolar de A Rabadeira a considerara no seu momento.

A creación destas prazas realizouse como consecuencia da decisión da Consellería de facer o esforzo económico de aumentar o número máximo de comensais autorizados naqueles centros educativos galegos nos que, de acordo co previsto na normativa en vigor, houbera que atender casos de usuarios lexítimos de transporte escolar como usuarios preferentes de comedor.

Por último, sinalar que o Consello Escolar presentou a súa dimisión poucos días antes da súa obrigada renovación por metade prevista regulamentariamente. De inmediato constituíuse un novo Consello Escolar, trala elección dos seus membros elixibles e o correspondente nomeamento dos que son designados pola Consellería, co que en ningún momento, dada a celeridade do proceso acometido, houbo baleiro de poder no centro e non se viu afectado o normal e axeitado desenvolvemento das súas actividades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


PARLAMENTO DE GALICIA
MINISTRO XERAL ENTRADA

RS/mc

8 FEB. 2013

3444

galicia



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel F. Losada Álvarez e don José L. Méndez Romeu, sobre **“a situación na que se atopa a delegación do Igape ou da Rede Pexga en São Paulo”**, (publicada no BOPG número 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A rede Rede Pexga, impulsada pola Xunta de Galicia mediante un convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia, dispón dunha plataforma ao servizo dos empresarios galegos en São Paulo, Brasil, desde marzo de 2011.

O persoal destacado nesta oficina desde a súa apertura promoveu numerosas accións e facilitou máis de 1.600 servizos a empresas galegas interesadas en exportar ou implantarse comercialmente nese mercado, cun alto potencial de crecemento; ata a data, a de São Paulo é a segunda plataforma máis demandada polo empresariado galego, con case un 21% dos servizos totais prestados pola rede Pexga.


Paralelamente, para reducir os custos sen unha diminución na calidade do servizo e dar cumprida resposta ás demandas das empresas galegas, a Rede Pexga está en vías de facer efectivo o traslado da oficina de São Paulo a locais cedidos pola oficina comercial española nesa cidade, no marco do acordo asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Economía e Competitividade.

O Goberno galego mantén a dirección, coordinación, supervisión e o control das actuacións e os investimentos e gastos da rede PEXGA, que xestiona, no día a día, a CEG, que –non se debe esquecer– representa a máis de 100.000 empresas. O seguimento das actuacións é permanente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.


Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo José Ordóñez Puime', is written over a circular stamp. The signature is fluid and somewhat abstract, with long horizontal strokes extending to the left and right.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

3442

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 617**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés, sobre **“a situación na que se atopan as obras da autovía da Costa da Morte”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O grao de execución das obras da autovía da Costa da Morte, no tocante ao movemento de terras, achégase ao 50% da totalidade da traza.

Das obras de drenaxe transversal están en proceso de execución ou xa rematadas arredor dun 78% das do tramo I, Carballo-Baio, e un 71% das do tramo II, Baio-Berdoias.

Dos pasos inferiores tipo marco están en proceso de execución ou xa rematados o 59% dos do tramo I e un 57% das do tramo II.

A porcentaxe global de execución da autovía estímase nun 17% no tramo I e un 19% no tram II.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia
 11128




RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

5 FEB. 2013

3139



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 649**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Cosme E. Pombo Rodríguez, sobre “**as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade da actividade na factoría de Alimentos Lácteos, S.A., en Outeiro de Rei**”, (publicada no BOPG número 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da importancia de que Galicia dispoña de industrias lácteas con potencial para transformar o leite galego e procurar que o seu valor engadido quede en Galicia.

As dificultades de Alimentos Lácteos para dispoñer do circulante necesario para consolidar as súas marcas de calidade no mercado teñen derivado en tensións económicas internas e en dificultades para dispoñer do produto necesario para a súa transformación e distribución.

Como puxo de manifesto co apoio comprometido a través de Xesgalicia e Igape, a Xunta de Galicia confía en que a empresa poida superar as dificultades financeiras e poida acceder á liquidez necesaria para desenvolver os seus plans a medio e longo prazo, garantindo o emprego asociado e a viabilidade das cooperativas e das explotacións gandeiras que dependen da factoría.

Este esforzo debe ser compartido polas cooperativas, que son tamén accionistas e que deben apostar por esa vía, entregando o leite, para que a empresa poida

desenvolver o seu plan de negocio e consolidar no mercado as súas marcas de referencia –Deleite e Muuu–, de calidade recoñecida.


A preocupación e o esforzo da Xunta de Galicia están enfocados cara á recollida de leite aos gandeiros e ao mantemento dos postos de traballo, facendo posible que o valor engadido da súa produción permaneza en Galicia.

Nesta liña, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape e Xesgalicia, está a avaliar diversas alternativas para asegurar o futuro de Alimentos Lácteos, en defensa dos intereses dos gandeiros, das cooperativas e dos recursos públicos comprometidos pola Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'GJOP', is written over a circular stamp. The stamp is partially obscured by the signature and contains some illegible text and a central emblem.

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 136

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

5 FEB 2013

3166

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 656**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do mantemento dalgunha interlocución coa cidadanía en relación co proxecto de explotación dunha canteira no concello de Castrelo de Miño”**, (publicada no BOPG número 6, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A referencia do Consello da Xunta de Galicia do pasado 20 de setembro de 2012, no que se acordou a declaración de supramunicipalidade do proxecto de explotación, recolle que se trata dun proxecto que podería beneficiar tanto ao municipio no que se asentará como a toda a bisbarra, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo e un investimento para o primeiro ano de actividade próximo a 250.000 euros, deixando constancia do apoio do Goberno Galego ao desenvolvemento de proxectos mineiros innovadores, ambiental e economicamente sostibles, modernos e eficientes como este, sustentado nun plan industrial que, entre outras cuestións, pretende empregar maquinaria innovadora (ata agora non utilizada nas explotacións de granito galegas) e un método que permitirá reducir consumos enerxéticos e custos de produción, minimizando, ademais, a utilización de explosivos.

No marco de tramitación da concesión de explotación que se segue pola Consellería de Economía e Industria, na súa condición de órgano substantivo, tense coñecemento da oposición veciñal e do propio Concello de Castrelo de Miño ao proxecto polas numerosas alegacións recibidas e o informe emitido no procedemento que se está a levar a cabo, e que serán valorados na resolución que se adopte. Complementariamente, representantes da Xunta de Galicia xa mantiveron contactos co Alcalde do Concello de Castrelo de Miño e varios veciños e veciñas.


Non obstante, a falta de completar todos os informes sectoriais para emitir un xuízo rigoroso, a valoración do Goberno Galego, á vista do informe do órgano con competencias agrarias, da escasa superficie a ocupar pola explotación e da obriga de acometer un plan de restauración, é a de apoiar proxectos que permitan compatibilizar os usos instaurados e existentes con outros que conduzan a diversificar a estrutura económica da zona en favor da creación de emprego.

En canto á compatibilidade da tipificación do solo no que se pretende abrir a canteira e a propia actividade cabe indicar que, tal e como queda recollida na normativa de aplicación, os instrumentos de ordenación do territorio (plans sectoriais e proxectos sectoriais) permiten levar a cabo actuacións como esta en solo rústico de especial protección de espazos naturais sempre que, a través dos devanditos instrumentos, quede garantida que non se produce a transformación da súa natureza rústica e a integridade dos valores obxecto de protección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 660**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e don Abel F. Losada Álvarez, sobre **“as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar os desafiuzamentos”**, (publicada no BOPG número 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dirixe a súa actuación a adoptar medidas de apoio aos afectados, tendo en conta que as execucións hipotecarias están reguladas a través da normativa estatal que, polo seu propio carácter, só se pode modificar no Congreso dos Deputados.

Ademais das medidas promovidas pola Xunta de Galicia que foron recollidas na proposta da Lei de Vivenda de Galicia -creación de vivendas de inserción ou asistenciais; aprazamento do pagamento no caso de precariedade económica; maior facilidade para a dación en pagamento das vivendas protexidas; e outras medidas de carácter xeral-, a principal medida nesta materia foi adoptada polo primeiro Consello da Xunta de Galicia celebrado polo actual Goberno e consistiu na posta en marcha do Programa de Realoxo de Colectivos Afectados por Execucións Hipotecarias.

Un programa que trata de complementar as medidas adoptadas polo Goberno central a través dos sucesivos decretos ao respecto.

Co Programa de Realoxo de Colectivos Afectados por Execucións Hipotecarias, a Xunta pretende darlle resposta ás necesidades de ata 500 familias poñendo á súa disposición vivendas de promoción pública, como primeiro recurso e, cando non se dispoña delas, a través de vivendas privadas incluídas no Programa Aluga.

A medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia tratan de equiparar os casos de desafuzamentos coas demais situacións de precariedade e de necesidade de acceso á vivenda pública, polo que os demandantes deberán cumprir os requisitos para este tipo de vivendas, fundamentalmente:


- Que os ingresos non superen 2,5 veces o IPREM.
- Que a execución hipotecaria lle afecte á súa única vivenda.

Ao mesmo tempo, o Programa establece prioridades á hora de adxudicar estas vivendas en función da pertenza a familias numerosas; unidades familiares monoparentais con fillos a cargo; familias con membros que teñan declarada discapacidade ou situación que o incapacite para realizar unha actividade laboral; no caso de debedores hipotecarios que se atopen en situación de desemprego ou cando exista unha vítima de violencia de xénero.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular stamp with a central emblem is partially obscured by a large, stylized handwritten signature in black ink. The signature is written over the stamp and extends downwards and to the right.

Gonzalo José Ordóñez Puime





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 672**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“o impacto económico da proposta de reprogramación do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 aprobada pola Xunta de Galicia en relación co programa Leader”**, (publicada no BOPG nº 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de o Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de outubro de 2012, o Comité de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia aprobou, polo procedemento escrito de consulta, unha proposta de modificación do programa consistente en elevar a contribución FEADER fixada inicialmente nun 57,56% a un 75% para todos os eixes.


Esta proposta foi remitida a Bruxelas xa que debe ser aprobada mediante decisión da Comisión Europea.

A reprogramación efectuada no PDR permite cubrir na súa totalidade os compromisos financeiros adquiridos con todos os grupos de desenvolvemento rural nos convenios asinados no 2009 para financiar os programas LEADER por eles xestionados. Do 2009 ata o 2013 o goberno da Xunta sempre tivo a disposición dos grupos a totalidade das cantidades consignadas nos convenios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke at the bottom. The signature is written over a faint circular stamp or watermark.

Gonzalo José Ordóñez Puime





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 679**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a proposta de reprogramación do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 aprobada pola Xunta de Galicia, en canto ao seu compromiso co apoio á dinamización económica do medio rural”**, (publicada no BOPG número 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de outubro de 2012, o Comité de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia aprobou, polo procedemento escrito de consulta, unha proposta de modificación do programa consistente en elevar a contribución FEADER fixada inicialmente nun 57,56% a un 75% para todos os eixes.


Esta proposta foi remitida a Bruxelas xa que debe ser aprobada mediante decisión da Comisión Europea.

Por último, dicir que consideramos compatible esta proposta co noso compromiso e apoio ao medio rural, xa que os impactos perseguidos a través desta proposta de modificación son fundamentalmente o logro dunha mellora no ritmo de execución do fondo provocada pola elevación da taxa de cofinanciación FEADER do 57,56 % ao 75% e a adecuación dos recursos dispoñibles nunhas medidas que nesta fase do programa decláranse como insuficientemente dotadas no PDR.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS' around the perimeter and 'SANTIAGO DE COMPOSTELA' at the bottom. The signature is a cursive script that overlaps the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


RS/mc

REGISTRO XERAL ENTRADA

8 FEB. 2013

3453

galicia



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 684**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“o criterio do Goberno galego respecto do resultado, para o estado dos ríos galegos, da autorización de actuacións nas que prevaleza o interese económico por enriba da salubridade das augas, nomeadamente a do transvasamento dende o encoro das Conchas, no río Limia”**, (publicada no BOPG número 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 683, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

11139



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25